

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE MARZO DE

2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de marzo de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, e don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e integrante do GM.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2013 e sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2013 e sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2013 (seis concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dúas concelleiras de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG e un concelleiro do PGD, integrante do GM) e dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, unha concelleira de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG e un concelleiro do PGD, integrante do GM) aproba os borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Expurgo de fondos das bibliotecas municipais

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 17 de marzo de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 25 de marzo de 2014.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, explica que se pretende realizar na biblioteca Xabier Docampo e na dos Templarios un expurgo de libros. Para o dito expurgo, como se di na proposta, téñense en conta diferentes factores, como pode ser a infrautilización dos libros, que os contidos quedaran obsoletos ou a deterioración física dos materiais. O expurgado preténdese doar á ONG Equus Zebra, da Coruña, para fins sociais.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

A pregunta do Sr. alcalde don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol e dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, que o seu grupo vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do GM (PGD), e abstéñense as dúas concelleiras presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Autorizar a realización do expurgo de fondos das bibliotecas municipais, segundo se relacionan nos anexos denominados “Expurgo Biblioteca Os Templarios – Marzo 2014” e “Expurgo Biblioteca Xabier P. Docampo – Marzo 2014”.

Segundo: Autorizar a entrega do material expurgado á ONG Equus Zebra, para fins sociais.

2.2. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público

Visto o informe-proposta do técnico de administración xeral, co visto e prace do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do día 21 de marzo de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 25 de marzo de 2014, que incorpora a modificación do artigo 16, artigo 22.1 b) e c), e inclúe o artigo 23 con respecto á proposta inicial.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, manifesta que traen aquí esta ordenanza para regular a instalación de terrazas de hostalería nas vías públicas, prazas e paseos de uso público do municipio. Con ela ordénase a documentación necesaria para a presentación de solicitudes, as condicións xerais da instalación, condicións para a instalación de calefactores e condicións para a instalación de terrazas cubertas. Así mesmo, establécense os criterios para a denegación da licenza, os horarios, as obrigas dos titulares da licenza e tamén se definen os distintos tipos de infraccións coa súa correspondente sanción.

Di que teñen recollidos os cambios que xa dixo a secretaria respecto do ditame das comisións informativas, e ademais quixera aclarar outro cambio que houbo na proposta inicial, xa que o técnico que a redactou detectou un erro no importe das sancións, porque estaban postos uns anteriores, pero houbo unha modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por iso teñen solucionado ese erro e teñen colocado xa os novos importes.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta, en primeiro lugar, que entenden que esta ordenanza reguladora da instalación de terrazas era unha ordenanza, unha regulación necesaria neste concello. Tiñan aí un baleiro legal que era necesario cubrir, pero botan en falta que non houbera maior participación, sobre todo pola xente ou polas empresas e cafeterías que puideran resultar beneficiarias desta ordenanza, en canto á súa participación na proposta cun texto alternativo, ou polo menos suxestións.

Pola súa parte, a certeza ou non desta regulación vai vir dada pola súa aplicación no día a día, eles, nese sentido, resérvanse o dereito de que unha vez que se poña en marcha e se vexa se acertaron ou non, resérvanse a posibilidade de poder propoñer modificacións futuras. Nese sentido o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que o primeiro que quería dicir era en canto á información que acaba de dar a Sra. concelleira, sobre o que faloron o martes nas comisións informativas. Di que a ela non lle chegou ningún correo electrónico con ningunha das modificacións sobre os puntos que faloron o martes. Non sabe se é que só non lle chegou a ela ou que só se lle remitiu aos voceiros.

Dona Rocío Díaz Vila di que si, que igual só se lle remitiu aos voceiros.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que isto xa non é a primeira vez que pasa, xa pasou máis veces, e é material para o pleno, para tratar no pleno, é dicir, ela está agora aquí no pleno e non recibiu esa información, nin sequera a leu. O que pide é que, por favor, lles manden a documentación non só aos voceiros, senón a todos os concelleiros.

En segundo lugar, sobre esta ordenanza eles queren facer unha proposta, queren que esta ordenanza quede enriba da mesa, porque cren que hai que falala bastante, pensan que os hostaleiros deben achegar as súas iniciativas ou o que teñan que dicir sobre ela. En principio a súa proposta vai ser esa, de non ser así o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles tamén estiman que debe haber unha ordenanza que regule e dinamice, sobre todo pola situación de incerteza que teñen neste momento. Consideran que os negocios de hostalería cumpren un papel importante contribuíndo á riqueza e ao traballo no concello.

Este documento, se non se equivoca, foi remitido aos grupos da oposición no mes de xullo de 2012 co obxectivo de que fixeran as achegas que estimaran oportunas, deste xeito o seu grupo cre que presentou unhas once suxestións, quedando a criterio do Goberno telas en conta ou non.

O que realmente si botan en falta é un proceso de diálogo entre o Goberno e os sectores implicados, como pode ser o sector de hostalería, e outros sectores que tamén teñen intereses na aprobación desta ordenanza. Este feito non se produciu, e dá a sensación de non existir un verdadeiro interese en consensuar esta ordenanza. El cre que debería ser unha ordenanza consensuada pola importancia que ten.

Por iso, dalgunha maneira van apoiar tamén a petición que fixo UxC, que quede enriba da mesa, que a falen, que a traten coa xente que ten un interese directo nela, e nese sentido o Sr. alcalde pode contar coa máxima colaboración do seu grupo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que ao seu grupo entregáronlle o borrador desta ordenanza en xullo do 2012, coa petición de que se fixeran achegas. O 22 de agosto dese ano 2012 o BNG presentou por rexistro unha batería de suxestións, algunhas están recollidas no documento que van aprobar hoxe, outras non, e bótanas de menos.

Só quere comentar dúas das que non están recollidas. Por unha banda o que veñen dicindo os voceiros que faloron antes, cren que era necesario que esta ordenanza fora dialogada coas asociacións de veciños e veciñas, coas comunidades de propietarios afectados e, sobre todo, cos hostaleiros e hostaleiras. Parécelles que tiña que falarse na fase do borrador, cando se estaba elaborando a ordenanza. Todos saben que agora vai haber uns días para presentar alegacións, iso é por lei, pero que se tivera feito antes de traela a pleno.

Por outro lado, e así o dicían nas suxestións feitas no ano 2012, o 22 de agosto, desaprovéitase nesta ordenanza, que daquela era un borrador, a posibilidade de combater dende ela o feísmo urbanístico, ao non definir o tipo de mobiliario e as características estéticas que deberían ter todas as terrazas do concello.

A proposta do BNG era que o concello aproveitara esta ordenanza, establecendo que materiais deben conformar o mobiliario, nunca permitir cadeiras nin mesas de plástico tipo praia, porque ademais de feas non son seguras, e a eliminación definitiva da

publicidade nos parasoles, cadeiras e mesas, en definitiva unha estética urbana unificada.

Di que esta ordenanza é raquítica. De todos modos, aínda así, dende o BNG van votar a favor, e van facelo porque consideran que é urxente que sexa efectiva, iso si, piden que non pase como con outras moitas ordenanzas que se aproban e que non se poñen en vigor, é dicir, que están aí pero que non se fan cumprir.

Conclúe dicindo que queren agradecer que se lles teñan pasado, é a primeira vez nesta lexislatura, o borrador da ordenanza para achegar suxestións.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz manifesta, en primeiro lugar, que lle gustaría pedir desculpas á compañeira de UxC, porque foi un erro seu e o sente. Di que afortunadamente isto de equivocarse leva consigo que procuren non volver a facelo. Ela pediu que se enviara aos voceiros e de verdade que non pensou que o voceiro de UxC non estaba, polo tanto, pídelle desculpas.

Por outro lado, e como xa comentaron outros compañeiros, isto é unha aprobación inicial, co cal ábrese un prazo de trinta días para admitir suxestións, suxestións que se volverán traer a pleno, polo que aínda queda prazo suficiente para que se poidan admitir esas novas suxestións.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que si que se abre un prazo para que os hostaleiros fagan alegacións, pero é que os hostaleiros xa tiñan que ter achegado as súas ideas no borrador da ordenanza. Eles, polo menos, pensan que debería ser así.

En canto ao envío da información di que acepta as súas desculpas, pero é que isto non é a primeira vez que pasa, non di no sector da concelleira, pero é que non é a primeira vez que chegan ao pleno e a información non se lle manda a todos os concelleiros. Simplemente quere, por favor, pedir que se lle mande a todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que eles dalgunha maneira lamentan a situación, xa que parece ser que todos están de acordo en que a ordenanza non tivo o debate previo que debería ter, e non se consensuou, nin se tratou coas distintas asociacións, polo menos no que el escoitou aquí dos distintos compañeiros, ese era un dos problemas.

Eles, tendo en conta ese problema, non apoian esta ordenanza, porque en algo no que están todos de acordo, en tratala, falala e consensuala. El non se atreve a votar a prol e, dende logo, cada un que sexa responsable dos seus actos, pero o seu grupo non vai votar a prol, aínda que tampouco vai votar en contra. Conclúe dicindo que se van abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación do artigo 22 respecto do acordo ditaminado pola comisión informativa, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM (PGD). Votan en contra as dúas concelleiras presentes de UxC, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público, que se transcribe literalmente a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO

Exposición de motivos

A presente ordenanza regula, dentro da esfera da competencia municipal (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas) a instalación de terrazas de hostalería nas vías públicas, prazas e paseos de uso público do municipio.

De acordo co Regulamento de bens das entidades locais, a instalación de terrazas na vía pública constitúe un uso común especial dun ben público e como tal debe estar suxeito a licenza municipal.

A proliferación destes elementos nos espazos de uso público e a súa actual consideración como un importante elemento dinamizador da vida social e económica do municipio, demanda unha regulación que permita unha conciliación entre intereses públicos e privados, no entendemento de que debe predominar o uso público fronte á explotación privada dun ben público, así como a protección do entorno no que se sitúen as ditas instalacións.

Ante esta circunstancia e ante a inexistencia dunha ordenanza municipal que regule esta materia o Concello de Cambre considera necesario establecer un marco normativo que ordene de forma axeitada a instalación deste tipo de elementos nos espazos públicos.

Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

- 1.- A presente ordenanza regula a ocupación temporal de terreos de uso público por terrazas vinculadas a establecementos de hostalería no Concello de Cambre.
- 2.- Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación de vía pública que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares.

Artigo 2.- Autorizacións

- 1.- A instalación de terrazas requirirá o outorgamento de licenza municipal previa.
- 2.- A competencia para o outorgamento das ditas licenzas corresponde ao alcalde, podendo ser obxecto de delegación.
- 3.- As autorizacións concederanse sen prexuízo de terceiros e serán esencialmente revogables unilateralmente pola administración sen dereito a indemnización por razóns de interese público cando desapareceran as circunstancias que motivaron a súa concesión ou cando sobreviñeran outras que de ter existido terían xustificando a súa denegación.
- 4.- A concesión de autorizacións en períodos anteriores non leva consigo o dereito a manter a mesma autorización en períodos futuros.
- 5.- Serán ademais esixibles as autorizacións que requira a normativa sectorial que no seu caso resulte de aplicación.

Artigo 3.- Solicitantes

- 1.- Poderán solicitar a licenza de terraza os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade dispoña da preceptiva autorización de apertura ou teña sido comunicada

previamente no caso das actividades sometidas ao réxime de comunicación previa e o solicitante non teña débedas recoñecidas coa administración municipal.

2.- A efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que consten na licenza ou comunicación previa que habilite ao exercicio da actividade.

Artigo 4.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

- a.- Acreditación da titularidade da licenza de actividade ou comunicación previa do establecemento.
- b.- Plano-esbozo, suficientemente explicativo, da localización, superficie a ocupar e nº e características de todos os elementos a instalar (mesas, cadeiras, parasoles, paraventos, etc.) a unha escala entre 1:200 e 1:300.
- c.- Xustificante de ter aboado a exacción fiscal correspondente por ocupación de dominio público.
- d.- Xustificante de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para cubrir os danos derivados da súa instalación e funcionamento.
- e.- Cando a terraza se pretenda instalar diante da fachada dos locais lindeiros, autorización expresa dos titulares das actividades que se desenvolvan nos citados locais.

Artigo 5.- Procedemento

A tramitación das solicitudes de licenza para a ocupación de terreos de uso público con terrazas de hostalería deberase axustar ao seguinte procedemento:

- a.- Solicitud do interesado coa documentación relacionada no artigo anterior.
- b.- Informe técnico cando, a criterio do instrutor, a índole da instalación que se pretenda realizar o faga preciso.
- c.- Informe da Policía Local.
- d.- Informe xurídico con proposta de resolución.
- e.- Resolución.

Artigo 6.- Circunstancias a ter en conta para a súa autorización

1.- As solicitudes de licenzas para a instalación de terrazas deberán informarse tendo en conta as circunstancias dos terreos de uso público nos que se pretenda instalar.

2.- En todo caso deberá constatarase que a terraza non impide o uso normal dos citados terreos que corresponde a todos os cidadáns, sen que a súa instalación poida supoñer un obstáculo para o tránsito peonil nin prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado.

Artigo 7.- Condicións xerais da instalación

1.- A autorización da terraza posibilitará unicamente a instalación dos elementos expresamente sinalados no esbozo dela, sempre que na licenza non se indique outra cousa.

2.- A superficie autorizada para a instalación da terraza será, salvo excepcións, o resultado da suma da superficie de todos os elementos computables. O perímetro exterior total quedará así mesmo delimitado no esbozo da licenza. Dentro do citado perímetro poderanse instalar cortaventos, sempre que non supoñan menoscabo das condicións estéticas, que poderán ser ríxidos tipo mampara ou semirríxidos tipo toldo vertical guiado entre piares móbiles.

3.- As terrazas situaranse preferentemente xunto ao establecemento ou na súa fronte, debendo todo ou seu perímetro estar comprendido dentro da liña da ocupada polo local de hostalería, fronte da súa fachada, non podendo exceder a súa anchura.

Cando isto non fose posible, só se autorizará a súa instalación se a distancia entre os puntos máis próximos da terraza e a porta do establecemento é inferior a 15 metros, salvo en supostos debidamente xustificadas, sempre que con isto non se impida o uso xeral da vía pública ou praza correspondente a todos os cidadáns e exista autorización expresa dos titulares dos

locais lindeiros diante de cuxas fachadas se pretenda instalar a terraza, que deberá achegarse ao expediente administrativo da autorización.

4.- No suposto de que as instalacións estean situadas en prazas ou paseos, a superficie de ocupación total resultante da suma da extensión de todos os permisos non excederá o 20% da superficie da praza ou paseo. Terán preferencia para a ocupación destes espazos dos locais que contén con fronte á praza ou paseo correspondente.

5.- A disposición das terrazas deberá integrarse co mobiliario urbano existente e de modo que non dificulte ou impida a visibilidade e o correcto uso dos elementos que xa se atopan instalados na vía pública.

6.- A terraza disporase sempre que sexa posible nun bloque compacto, á marxe do tránsito principal de peóns e, no seu caso, só poderá dividirse por accesos peonís secundarios, en particular nas entradas a edificios ou locais comerciais.

7.- Nos soportais as terrazas deberanse instalar deixando sempre un espazo suficiente para o tránsito dos peóns baixo os citados elementos.

8.- En todo caso deberase garantir que na beirarrúa queda un corredor para paso libre de obstáculos de ancho suficiente para a circulación de peóns, especialmente para aquelas persoas con discapacidades físicas e/ou deficiencias visuais ou carriños de bebés, debéndose deixar en todo caso libre para paso de peóns, polo menos, unha largura de 1,50 metros. Ademais, no interior dos soportais deberá garantirse unha largura mínima para o paso peonil de 1,20 m con estreitamentos puntuais cun paso mínimo de 0,90 m.

9.- Aos efectos de aplicación do disposto nesta ordenanza, a ocupación estimada para unha mesa, de lado ou diámetro inferior a 0,80 metros, e catro cadeiras enfrontadas dous a dous, considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada mesa de 1,80 x 1,80 metros cadrados, malia que a efectos tributarios se aplique exclusivamente o módulo definido na ordenanza fiscal correspondente. Se a mesa tivese lado ou diámetro superior a 0,80 mts, a dita superficie aumentarase no correspondente exceso.

Artigo 8.- Condicións para a instalación de calefactores

1.- O modelo de estufa deberá axustarse á Directiva 1990/396/CEE, do 29 de xuño, ou á normativa europea que a substitúa, debendo ser de baixo consumo.

2.- Deberanse instalar sempre dentro do perímetro da terraza.

3.- O interesado deberá dispoñer de extintores de po ABC, eficacia 21A22113B, en lugar facilmente accesible.

4.- Deberanse retirar diariamente ao interior do local xunto co resto do mobiliario autorizado.

5.- Poderase denegar a autorización para a súa instalación cando das circunstancias concorrentes se poida derivar risco para as persoas ou os bens.

6.- Para acreditar o cumprimento destas condicións deberán achegarse polo interesado os seguintes documentos:

- Certificado e informe dun técnico facultativo, visado, no que garanta a seguridade da súa localización e as indicacións precisas para o seu uso e mantemento, así como memoria relativa ás características técnicas, físicas e estéticas da estufa, xuntando planos de planta e de sección da terraza e as distancias destes elementos a fachadas, mobiliario urbano, etc.
- Garantía de calidade e certificado de homologación da Unión Europea.
- Seguro de responsabilidade civil e incendio con cobertura dos posibles riscos derivados da súa utilización na terraza.
- Contrato de mantemento e revisión dos extintores.
- Contrato de mantemento da instalación con empresa especializada.
- Copia do certificado anual de revisión da instalación. A non presentación deste poderá motivar a revogación da autorización concedida.
- No caso de estufas eléctricas, ademais deberá presentarse boletín eléctrico do establecemento e instrucións técnicas complementarias ITC-BT-05, apartado A1 e A2, e ITC-BT-28, apartado 1 locais de reunión, traballo e usos sanitarios.

Artigo 9.- Condicións para a instalación de terrazas cubertas

- 1.- Deberá presentarse memoria técnica e presuposto da instalación polo interesado, que deberá garantir a súa seguridade estrutural.
- 2.- Deberán ser instalacións facilmente desmontables, consistentes nun toldo retráctil ao cal poderán engadirse dous faldróns nos laterais, debendo procurarse solucións homoxéneas e acordes coas condicións do edificio e do entorno.
- 3.- Non poderán exceder a fronte da fachada do local ao que dean servizo.
- 4.- A altura máxima da estrutura será acorde coas condicións do edificio e do entorno e a altura mínima interior será de 2,20 metros.
- 5.- Non poderán ancorarse ao pavimento.

Artigo 10.- Denegación da licenza

Non se autorizarán terrazas nos seguintes casos:

- a.- Cando o local estea separado da terraza por unha calzada aberta ao tráfico rodado, excepto as rúas peonís, ou nas sinalizadas como rúa residencial.
- b.- Nos pasos para peóns, sinalizados ou non, rebaixes para discapacitados e itinerarios sinalizados con pavimento táctil.
- c.- Cando a instalación se pretenda realizar na calzada ou en zona de aparcamento de vehículos.
- d.- Cando supoña un prexuízo para a seguridade viaria ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- e.- Cando poida dificultar a evacuación dos edificios e locais próximos.
- f.- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos.
- g.- Cando se pretendan instalar en xardíns públicos ou comunitarios.
- h.- Cando resulte inadecuada ou discordante coa súa contorna.
- i.- Cando se atopen en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.
- j.- En xeral, cando se incumpra calquera dos requisitos esixidos por esta ordenanza.

Artigo 11.- Concorrencia de solicitudes

Na resolución dos expedientes deberá terse en conta o número de solicitudes que afectan a unha mesma vía pública, o que poderá dar lugar, así mesmo, á modificación doutras terrazas xa autorizadas.

Artigo 12.- Vixencia

- 1.- Como regra xeral as licenzas outorgaranse por anos naturais e entenderanse tacitamente prorrogadas cando nin o concello nin o interesado comuniquen por escrito a súa vontade contraria á prórroga antes do 15 de decembro de cada ano, e sempre logo do pago do tributo correspondente antes do 31 de decembro.
- 2.- Así mesmo poderase solicitar a licenza por un período mínimo de un mes, debendo o interesado indicar expresamente o período de tempo para o que a solicita.
- 3.- Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, obras, implantación, supresión ou modificación de servizos ou celebración de actos públicos ou privados, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado.

Artigo 13.- Modificacións

Os interesados en modificar o autorizado no ano anterior deberán solicitalo expresamente, acompañando plano-esbozo da nova ocupación pretendida.

Artigo 14.- Silencio administrativo

As solicitudes non resoltas expresamente no prazo de dous meses, a contar desde a súa presentación, entenderanse denegadas por silencio administrativo.

Artigo 15.- Actividade

A autorización para a instalación da terraza dará dereito a exercer a actividade cos condicionantes que se establezan nela e coas limitacións que, en materia de consumo, prevención de alcoholismo, emisión de ruídos, etc., establécense nas ordenanzas municipais e lexislación sectorial aplicable.

Artigo 16.- Horario

1.- A colocación do mobiliario e o inicio do funcionamento das terrazas poderase realizar a partir das 9:00 horas.

2.- O funcionamento da instalación non poderá exceder das 00:00 horas, en días laborais e festivos, ou das 01:00 horas, en venres, sábados e vésperas de festivos, sen que en ningún caso poida exceder do horario que corresponda coa licenza de apertura da actividade ou comunicación previa no seu caso.

3.- A terraza deberase desaloxar nos 15 minutos seguintes, sen que entre tanto se poidan servir novas consumicións.

4.- O mobiliario poderase amontoar no espazo reservado para a terraza dende o horario de apertura ata o do inicio do seu funcionamento, debendo ser recollido unha vez expirado o horario máximo de funcionamento.

Artigo 17.- Obrigas

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados a:

1. Cumprir as condicións impostas polo concello na autorización concedida.
2. Cingirse estritamente á zona autorizada sen excedela por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan.
3. Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
4. Fóra do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza deberá retirar do exterior a totalidade dos seus elementos. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.
5. Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada e o seu perímetro nun ancho de 2 metros. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.
6. Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles.
7. O mobiliario empregado na terraza deberá estar protexido con tacos de goma ou outros elementos similares coa finalidade de evitar os ruídos producidos como consecuencia do seu arrastre.

Artigo 18.- Prohibicións

1. Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou amontoar o mobiliario adscrito á terraza, produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

2. Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento, salvo en época de festas e logo da autorización da Alcaldía ou persoa na que delegue.

3. Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparellos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.

4. Prohíbese instalar nas terrazas billares, fútbol de mesa, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

Artigo 19.- Infraccións

Considéranse infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza.

Artigo 20.- Responsables

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos hostaleiros.

Artigo 21.- Clasificación

As infraccións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de media hora.
- c) A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade da correspondente autorización, a súa renovación se fose o caso e o plano de detalle.
- d) Almacenar ou amorear mobiliario da terraza durante o horario de funcionamento que se establece para ela nesta ordenanza.
- e) Almacenar ou amorear produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- f) A instalación de elementos propios da terraza fóra da superficie autorizada ou a instalación dun número de mesas maior que as autorizadas, nunha contía inferior ao 10%.
- g) O incumprimento de calquera outra obrigaón prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.
- h) A falta de presentación aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran do documento de autorización, a súa renovación se fose o caso, e o plano de detalle, así como da licenza ou comunicación previa para a iluminación, en caso de tela.

2. Son infraccións graves:

- a) A reincidencia na comisión de faltas leves. Enténdese por reincidencia a comisión de tres faltas leves no período dun ano, sempre que as sancións alcancen firmeza en vía administrativa.
- b) A instalación de terrazas de hostalería sen autorización ou fóra do período autorizado.
- c) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de media hora e menos dunha hora.
- d) A falta de ornato ou a instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados, e a instalación de máquinas expendedoras ou de venda de calquera clase e tamaño, billares, fútbol de mesa, máquinas recreativas infantís ou de azar, grelladas ou calquera instalacións similares.
- e) A instalación de mesas en número maior que as autorizadas en máis do 10 e menos do 25 por 100 ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- f) A carencia do seguro obrigatorio.
- g) A instalación nas terrazas dalgún tipo de equipos de música, amplificadores ou outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo, ou manter, no caso de existir música interior, as portas e fiestras do establecemento abertas.
- h) A cesión da explotación da terraza a persoa distinta do titular do establecemento e o cambio de titularidade.
- i) A realización de perforacións e/ou ancoraxes no pavimento, ou causarlle deterioracións.
- j) Non contar coa correspondente licenza ou comunicación previa para iluminación cando sexa precisa.

3. Son infraccións moi graves:

- a) A reincidencia na comisión de faltas graves da mesma natureza cando diso se derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornatos públicos. Enténdese por reincidencia a comisión de tres faltas graves no período dun ano, sempre que as sancións alcancen firmeza en vía administrativa.
- b) A instalación de mesas en número maior ás autorizadas en máis do 25 por 100 ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- c) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación.
- d) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- e) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis dunha hora.
- f) A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos ou da documentación achegada en orde á obtención da correspondente autorización.

Artigo 22.- Sancións

1.- A comisión das infraccións previstas nesta ordenanza levará aparellada a imposición das seguintes sancións:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa de 100 ata 750 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa desde 751 a 1500 euros e inhabilitación do infractor para a obtención de autorización regulada pola presente ordenanza durante o prazo de 1 ano, ou 2 anos cando concorra a situación de incumprimento de condicións a que estivese sometida a instalación.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa desde 1501 ata 3000 euros, e inhabilitación do infractor para a obtención de autorización regulada pola presente ordenanza durante o prazo de 2 anos, ou 3 anos cando concorra a situación de instalación sen autorización.

2.- Así mesmo, e á marxe da sanción que en cada caso corresponda, a Administración municipal ordenará, no seu caso, a retirada dos elementos e instalacións con restitución ao estado anterior á comisión da infracción.

As ordes de retirada deberán ser cumpridas polos titulares da licenza nun prazo 24 horas. En caso de incumprimento procederá á execución subsidiaria polo concello a conta dos obrigados que deberán aboar os gastos de retirada, transporte e depósito dos materiais.

3.-Nos supostos de instalación de terrazas sen a oportuna autorización ou non axustándose ao autorizado, así como por razóns de seguridade o concello poderá proceder á súa retirada de forma inmediata e sen previo aviso, sendo por conta do responsable os gastos que se produzan.

4.-Sen prexuízo do anterior, os actos ou incumprimentos nesta materia que impliquen infracción da normativa urbanística serán obxecto de sanción nos termos que determine o réxime sancionador previsto nela.

Artigo 23.- Prescrición

A prescrición das infraccións e das sancións axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e ás demais normas que a desenvolven.

Disposicións finais

Primeira

A presente ordenanza entrará en vigor aos vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Á súa entrada en vigor quedarán derogadas cantas normas, acordos ou resolucións municipais sexan incompatibles ou se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

Segunda

Facúltase ao alcalde, ou concelleiro en quen delegue, para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza.

Disposición adicional

Para aqueles establecementos que non cumpran as condicións necesarias para ser autorizada a instalación dunha terraza poderán unicamente, e logo da solicitude de autorización de ocupación de vía pública, colocar un cinceiro/papeleira, sempre que con isto non se impida ou dificulte o uso común da vía pública que corresponde a todos os cidadáns.

Disposición transitoria única

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo de 6 meses dende a súa entrada en vigor.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días hábiles para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

2.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaotoitos votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar á Xunta de Galicia ao mantemento do servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2225 o día 22 de marzo de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“En outubro de 2007 a Xunta de Galicia, presidida por Emilio Pérez Touriño, creaba e regulaba o funcionamento do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. Este servizo vén sendo mais coñecido como 065.

Con esta medida dábase cumprimento á encomenda aos poderes públicos de Galicia, recollida no artigo 4,2 do Estatuto de Autonomía, de promover medidas para que a liberdade e a igualdade do individuo fora real e efectiva, adoptando solucións para remover os obstáculos que as puideran impedir ou dificultar.

O 065 constituíase como un servizo público de transporte destinado a facilitar o desprazamento programado e non urgente de persoas discapacitadas e/ou dependentes imposibilitadas para utilizar transportes colectivos de uso xeral.

Esta prestación facilitadora da mobilidade permitía aos beneficiarios acudir a consultas ou tratamentos sanitarios; trasladarse a residencias, centros de día e outros equipamentos públicos de aloxamento; a actividades educativas ou formativas; a centros de servizos sociais nos que se desenvolveran programas ou actividades do seu interese; e os necesarios para a realización de actividades básicas da vida diaria: xestións administrativas, actividades terapéuticas ou rehabilitadoras.

A prestación do servizo efectuábase directamente con medios propios ou contratando o servizo a empresas do sector, establecéndose un custo para o beneficiario que oscilaba entre a gratuidade, para os que tiveran rendas menores ao 75% do IPREM, e o 16% do seu custo real, para as rendas superiores ao 250% do IPREM.

Dende a chegada do presidente Feijoo ao goberno da Xunta tense producido un continuo degradamento na calidade do servizo, denunciado reiteradamente polos beneficiarios: non poder asistir a citas médicas, por incomparecencia do transporte previamente confirmado; denegación do servizo, por non existir vehículo dispoñible; servizos incompletos (facilitábase a viaxe de ida, pero non a de volta); falta de resposta ás solicitudes efectuadas; grandes atrasos (máis de dúas horas) nas recollidas; etc.

Recentemente a Consellería de Traballo e Benestar Social vén de intentar deteriorar, inda máis, o servizo, presentando un borrador de decreto que vén a ser a puntia definitiva ao transporte adaptado 065.

Este documento recolle unha serie de medidas máis restritivas e limitadoras do servizo: incrementa o grao de minusvalía para acceder do 65% ao 75%; deixa a criterio da Xunta o fixar unha intensidade máxima de uso; computa unha viaxe de ida e volta como dous servizos distintos; elimina a obrigatoriedade de contar no transporte coa asistencia de monitor-acompañante; o recoñecemento da condición de usuario do 065 non implica o dereito á prestación; non fixa un prazo para solicitar e anular os servizos (na actualidade é de 48 horas).

A maiores que se establece un tope de dez viaxes ao mes e desentenderse do servizo delegando nas asociacións do sector a súa xestión.

Estas medidas implican un especial prexuízo para os beneficiarios residentes en zonas rurais e para os discapacitados por danos cerebrais, así como para os seus cuidadores que terán que dedicarlles máis horas de atención.

A conselleira de Traballo e Benestar Social pretende coas medidas restritivas que propón poñer en marcha, volver aos tempos do franquismo, aos tempos nos que se agochaba a realidade dos discapacitados e dependentes, manténdooos pechados nas súas casas. Sen lugar a dúbida estas pretensións da Xunta de Galicia restrinxen gravemente os dereitos dos discapacitados e dependentes a gozar dunha liberdade e igualdade reais e efectivas.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar ao presidente da Xunta de Galicia e á conselleira de Traballo e Benestar Social á que procedan á retirada do proxecto de decreto polo que se regula o Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes, e manter o citado servizo nas condicións nas que se vén prestando na actualidade, isto é, a teor do establecido no Decreto 195/2007, do 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, co fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto polo Concello de Cambre.”

Faise constar que tras a exposición de motivos e antes de dar lectura á proposta de acordos da moción, tal e como foi transcrita, don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a maiores da exposición de motivos, que se ata este momento contaba cun total de 112 vehículos, a pretensión é que se reduza a flota a menos da metade. A Consellería de Benestar acaba de sacar a concurso o servizo e require á nova adxudicataria un mínimo de 44 autobuses, cando antes eran 112. Tamén se reducirán as áreas de prestación de servizo, porque se antes o territorio galego se dividía en 61 zonas, agora só se distinguen 11, o que obrigará a cada autobús a cubrir unha maior parte do territorio, co conseguinte atraso na atención aos posibles beneficiarios. E, por último, algo importantísimo, que se no 2013 a Xunta investiu 13 millóns de euros no 065, o novo contrato que se ten sacado a concurso fixa un importe de 3,75 millóns de euros anuais para atención do servizo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que se en algo estiveron de acordo aquí en pleno nos últimos anos, é no mal funcionamento do 065. Todos o recoñeceron nalgún momento, incluído o grupo do PP. Non dende que está gobernando don Alberto Núñez Feijoo, dende o momento da súa creación, que foi hai cinco anos, cando estaba o bipartito.

Agora o servizo cambia, porque a concesión era para cinco anos, caducou, e vaise facer un novo contrato. Ela, dende logo, o que non vai apoiar é que se manteña ese servizo nas condicións en que se vén prestando na actualidade, porque era un servizo que lle custaba 13 millóns de euros a todos os galegos e que non era satisfactorio para ninguén, co cal ela non vai apoiar unha moción para que se siga mantendo ese servizo cando non era satisfactorio, para nada.

En canto ao desmantelamento, tampouco, porque a partida orzamentaria, está dividida en varios sectores, é para a concesionaria unha cantidade, subvencións ás asociacións sen ánimo de lucro e subvencións aos centros coordinados coa Xunta de Galicia, os centros da Xunta de Galicia e os que están apoiados pola Xunta de Galicia. Divídese en tres partes o diñeiro e segue sendo exactamente a mesma cantidade, case 13 millóns de euros, non diminuíu nin un só euro.

Di que ela, con esta proposta de que se manteña ese servizo non está de acordo, porque é un servizo que funcionaba mal, e recoñecido así por todos, incluso por eles mesmos, por iso se fixo unha proposta polo grupo do PP para que se creara en Cambre o taxi adaptado.

Ela o que espera é que con estes cambios que se están facendo, que haxa unha mellora para as persoas con discapacidade e senón, igual que protestou porque non funcionaba o 065, seguirá protestando no momento en que estea funcionando, polo mal funcionamento, pero cando se poña en marcha, porque aínda están en trámites de audiencia, están recibindo a asociacións e grupos políticos que poidan facer achegas. Conclúe dicindo que ela, dende logo, con que se manteña ese mesmo servizo non está de acordo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que hai que recoñecer que este é un servizo complexo no seu funcionamento, evidentemente, pero de aí, de que se viñera prestando con determinados problemas, a dicir que funcionaba mal cando gobernou o Goberno bipartito que o puxo en marcha, parécelle excesivo. A realidade é a de hoxe en día, que dun total de 112 vehículos que se destinaban a isto, vai quedar reducido a menos da metade, e iso vai empeorar o servizo queiran ou non. Se antes o servizo se facía organizado en 61 zonas en toda Galicia, vai quedar limitado a 11 zonas, co cal o percorrido dos vehículos vai ser maior, a demora para os eventuais beneficiarios e beneficiados deste servizo vai ser maior, polo tanto o servizo vai ser peor.

Facer disto un totum revolutum dicindo que sempre funcionou mal, non é certo. Como dixo é un servizo complexo na súa organización e no seu funcionamento, pero dende que o Partido Popular está gobernando na Xunta de Galicia, foi o que deu pasos para botar atrás este servizo. E, dende logo, botar a responsabilidade nas asociacións do sector, que se preocupen e organicen o transporte do 065, parécelle excesivo. As asociacións do sector están para outras cousas, para atender aos seus veciños, pero non para prestar un servizo que a quen lle corresponde prestalo é á Xunta de Galicia nos termos nos que o viña prestando.

Conclúe dicindo que nese sentido manteñen a moción en todos os seus termos. Cren que hai que manter o servizo tal e como se viña prestando dende a súa creación, cos arranxos que haxa que facer para modificalo, pero co obxecto de prestar un mellor servizo, non un peor servizo, que é o que se desprende das medidas que ten adoptado a Xunta de Galicia e que vai adoptar nos vindeiros meses e nos vindeiros días. Di que verán o que ocorre a partir do 1 de abril, cando remate a concesión, e verán como se vai atender aos beneficiarios dese servizo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que o tema do transporte adaptado foi un tema recorrente ao longo desta lexislatura, un tema recorrente, un tema grave e un tema urxente, e cre que o máximo responsable do retroceso no servizo foi o Partido Popular da Xunta de Galicia. De feito o seu propio grupo tamén ten para este pleno unha pregunta en relación ao transporte do 065.

El cre que é un servizo que se non funciona, como dixo a Sra. concelleira, que funcionaba mal o 065, o que hai que facer é denunciálo, e dentro das posibilidades, melloralo, pero o que non se pode é suprimilo. Cando unha cousa non funciona o que hai que facer é melloralala.

Conclúe dicindo que eles, nese sentido, van votar a prol da moción, ademais, como dixo antes, teñen unha pregunta tamén relacionada con este tema, porque foi un tema que xa saíu na lexislatura, xa saben as carencias que ten a xente que se ten que mover co transporte do 065 ou con outros transportes. Saben que houbo un retroceso importante e saben o caro que lles custa a esas persoas poder desprazarse e moverse.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren facer unha reflexión, e sirva como exemplo. Hai un problema no sistema educativo, estatisticamente máis dun terzo dos alumnos e alumnas da ensinanza obrigatoria é incapaz de rematar a educación secundaria obrigatoria a curso por ano, é dicir, repite curso, o que comunmente se chama fracaso escolar. Dende a entrada en vigor da LOGSE, hai preto de 20 anos, o ensino obrigatorio rexe no Estado español ata os 16 anos. Di que imaxinen que unha medida que se lle ocorre ao Goberno español para reducir a taxa de fracaso escolar sexa dicir que van poñer o ensino obrigatorio, en vez de ata os 16, ata os 14 anos, e así baixan a taxa de fracaso escolar, porque a xente o que repite maioritariamente son os cursos máis avanzados da educación secundaria. Iso sería grotesco, cargaríanse 3º e 4º da ESO como cursos obrigatorios e así eliminarían alumnos neses tramos e poderían mellorar as estatísticas.

Explica que di isto porque detrás das palabras maravillosas que acaba de dicir a concelleira de Servizos Sociais do Concello de Cambre, que é membro do Partido Popular, e á cal el respecta profundamente, estase xustificando unha modificación do transporte adaptado que incrementa o grao de minusvalía do 65 ao 75%, é dicir, cárganse á xente co 65, co 70 ou co 74% de minusvalía, esa xente deixa de ter dereito ao transporte adaptado, claro, así lóxicamente funcionará mellor ese transporte. Di que era como aquel que se presentaba a unhas eleccións e dicía *“home, se non se presentara fulanito, se non presentara menganito...”*, claro, se se presentara el só,

sacaría os 21 concelleiros, pero aquí están falando dun colectivo, do conxunto da sociedade, e de xente que o pasa realmente mal.

El convida aos membros deste Goberno, que tan ben diferencian entre ser membros do Goberno e do PP de Cambre e o labor que fai o PP na Xunta e no Estado, que parece que non houbera aí vasos comunicantes, nin tiveran nada que ver, convida a eses concelleiros que dende o Goberno tamén ás veces invitan aos membros da oposición a literalmente darse unha volta por Servizos Sociais, a eles e á Sra. concelleira de Servizos Sociais convídaos a darse tamén unha volta por Servizos Sociais e a dicirlle á xente que ten o 65 e o 70% de discapacidade, que antes tiña un dereito, mellor ou peor, como moitísimas cousas, mellor ou peor xestionado, levado, adxudicado e explotado, pero que tiña ese dereito, que lles digan que agora van deixar de telo.

Gustaríalle que a xente que está neste pleno, ou incluso os membros da Corporación, puideran ter na cabeza o que é unha persoa, moitas veces con idade avanzada, cun 65 ou 70% de minusvalía. Iso si, despois chegarán os cheques, o taxi adaptado, é dicir, aquilo de que non lles damos pan, pero a algún, pois máis ou menos lles vamos dando pasteis.

Di que son, polo tanto, uns Servizos Sociais de beneficencia que buscan no fondo para o común da cidadanía estender a prestación de servizos que deben ser un motor de cohesión e de introdución social, simplemente como un negocio para as grandes empresas, e iso é o que están vendo. El particularmente, cando o PP lle comeza a falar de eficiencia nas adxudicacións, de que 13 millóns son moito, el pensa en Paula Prado e di, en fin, vostedes non son nin moito menos os máis indicados para dar leccións nesa materia.

Continúa dicindo que a posta en funcionamento do 065 no ano 2007 foi obxectivamente un salto adiante na prestación de servizos sociais e, concretamente, no transporte adaptado para as persoas con mobilidade reducida neste país, e el cre que é un dos logros máis importantes que conseguiu Galicia no exercicio da súa autonomía. Por suposto que si, mellorable, pero o que non se pode pretender é facer agora unha nova norma para cargarse o servizo e aínda por riba intentar venderlles que este se está mellorando.

Pregunta como se pode entender que se elimine a obrigatoriedade de contar coa asistencia do monitor acompañante. Calquera día o PP no transporte escolar quita tamén o monitor acompañante para os rapaces, pregunta como se xustifica iso. Non se mellora o servizo, simplemente búscase reducir custo, iso si, o que teña cartos si que se pagará un transporte privado co monitor ou co acompañante oportuno para que o servizo poida ter un mínimo de eficiencia.

En resumo, están diante dun novo capítulo nos recortes, sobre todo en materia social, por parte do Partido Popular, e conclúe dicindo que o BNG vai apoiar a proposta do PSdeG-PSOE, como non podía ser doutra maneira.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous

concelleiros do BNG. Votan en contra os sete concelleiros do PP e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de EU solicitando ao Goberno central a aplicación do IVE reducido ao sector dos salóns de peiteado

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2200 o día 21 de marzo de 2014, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente un número importante de peiteadores/as da comarca da Coruña convocaron mobilizacións no sector, co fin de abrir un diálogo coa Axencia Tributaria para paliar as perdas pola aplicación do tipo impositivo (IVE) do 21%, medida que entrou en vigor a partir do 1 de setembro de 2012, o que ten provocado o peche do 18% dos seus negocios.

O sector dos salóns de peiteado tiña no conxunto do Estado a aplicación do tipo de IVE reducido, dende o ano 2000. Esta medida propiciou que o dito sector medrara en postos de traballo e na creación de empresas, soportando ata o ano 2012 a crise sen caída de emprego neto.

Non obstante, ao sector (igual que outros colectivos como o da cultura), o Goberno do Partido Popular impúxolles un esforzo insuperable. Co incremento do IVE aplicable aos servizos dos salóns de peiteado, do 8% de tipo reducido vixente en 2012 ao 21%, novo tipo xeral, obrigóuselles a repercutir esta importante suba nas tarifas de prezos ou asumir este incremento como novo gasto de actividade, reducindo aínda máis a marxe empresarial.

Este colectivo durante anos previos demostrou que contribuíu á creación dun importante número de postos de traballo e empresas con cualificación de traballadores/as e modernización das estruturas empresariais, conseguiu xerar riqueza e emprego, o noso concello pode ser un exemplo nese senso.

A realidade contrastada con estudos realizados por empresas expertas, dá como resultado que pecharon máis de 8000 locais no ano 2013 e previsiblemente 5600 empresas do sector en 2014, de non revertirse esta tendencia.

Segundo varios estudos, antes da adopción desta medida, identificábanse 48000 salóns de peiteado activos en España. Tras o incremento do IVE, contabilizábanse 40000, producíndose unha preocupante perda de emprego do 30%, que se traduce polo menos en 20000 postos de traballo directos e a posibilidade de 14000 máis en 2014, ademais das grandes dificultades da rendibilidade das empresas que dificilmente se manteñen abertas.

Este sector precisa ser escoitado polas diferentes administracións, para coñecer a súa realidade, o seu criterio e, por suposto, as dificultades que atravesan as empresas ás que representan, conformando o 90% do tecido empresarial do propio sector. Con estas medidas, son as “pequenas” empresas cun autónomo ou dous ou tres traballadores/as, as que se ven abocadas á redución da actividade ou ao peche.

Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre pronúnciase contra a suba do IVE ao 21% que se vén aplicando ao sector dos salóns de peiteado.

Segundo: Solicitar ao Goberno central que volva ao tipo reducido de IVE, do 10% actual, reparando o dano causado ás empresas, de xeito que poidan reiniciar a súa recuperación e volver á creación de emprego e mantemento da actividade.

Terceiro: Establecer mecanismos de encontro entre o sector e o concello, para conciliar as diferentes formulacións que sobre a súa fiscalidade indirecta se estableceron, ademais do relacionado cos impostos locais, licenzas de apertura de establecementos e cantos outros puideran ser de competencia municipal e afectar ao sector.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que en principio están a prol da moción, pero si lles gustaría cambiar a redacción do punto segundo, non sabe se o grupo de EU estaría disposto. O que queren recoller é unha substitución dende a palabra “solicitar” ata “actual” da primeira liña e cambiar iso por “Solicitar ao Goberno central que reduza con carácter xeral o tipo de IVE para todos os sectores de actividade cando a conxuntura económica o permita” e despois xa seguir co de “reparando o dano causado ás empresas...”. Xa que se lle van solicitar ao Goberno central unha redución do IVE, poden solicitarlle a redución do IVE para todas as actividades, non só para os salóns de peiteado, aínda que para eles tamén.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, pregúntalle se para os artigos de luxo tamén.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que para todos os sectores de actividade, por suposto. Di que pasaron dun 16% de IVE a un 18%, agora están nun 21%, pensa que é xusto solicitarlle ao Goberno que reduza o tipo de IVE polo menos ao 16% que estaba cando comezou esta crise. Iso é o que lle queren solicitar, xa que beneficia a todos os cidadáns e sobre todo aos que menos rendas teñen, porque todos saben que os impostos indirectos sobre todo prexudican aos que menos rendas teñen.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que non entende o que o Sr. concelleiro quere dicir con iso que dixo, aquí están falando dos salóns de peiteado.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que antes de comezar a crise tiñan un sistema impositivo do IVE, e ademais dos que estiveron excluídos de pagar IVE, os tramos eran 4, 8, 16, eses eran. Eles o que lle queren pedir ao Goberno é que reduza o IVE a todos os sectores de actividade, con independencia de que se lles aplique o IVE superreducido, o reducido ou o xeral.

Dona M^a Olga Santos López dille que entón eliminan a apostila de “cando a conxuntura económica o permita”, evidentemente, porque o resto si o aceptan, pero a apostila non.

Don Felipe Andreu Barallobre di que vén sendo o mesmo, tampouco se vai poder facer mentres a conxuntura económica non o permita, pero que o vaian facendo, que é boa hora, porque os cidadáns todos, incluído el, están bastante cansos de pagar impostos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio dicir que lle parece moi axeitada a moción que presenta o grupo municipal de EU. O que non lle parece moi acertado é o brinde ao ceo que presenta o grupo do Partido Popular, porque unha proposta como a que fai dá para moito máis e para falar entre todos os grupos e presentar unha proposta xenérica en canto vai afectar a toda actividade económica, a todos os sectores produtivos. Dende logo o que aquí se está expoñendo, como moi ben dixo a concelleira de EU, é o tema dos salóns de peiteado, que é un tema moi puntual.

O grupo socialista está disposto a falar co resto dos grupos para apoiar unha iniciativa como a que dende o grupo popular se propón, en canto á revisión do IVE para todos os sectores produtivos e actividades económicas, pero neste sentido cre que a moción dirixida ao sector dos salóns de peiteado está ben deseñada, ben pensada, e é un tema bastante xusto e que todos deben apoiar. Dende logo, ofrécese para falar co resto dos grupos, á súa instancia, para que esa proposta que o grupo popular fai poidan discutila entre todos.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, pregunta como queda ao final a redacción do apartado segundo, se queda como estaba ou queda coa achega do voceiro do PP.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que a moción, segundo a proposta que lles fai o voceiro do PP, quedaría exactamente tal cal está. Se a maiores se quere engadir algo que dende o seu punto de vista non ten ningún tipo de sentido, pero se o Sr. voceiro o quere engadir en contra das previsións do Partido Popular do Goberno central, e poñer que o Goberno de Cambre insta ao Goberno a que reduza en termos xerais o tipo de IVE para todo, poñen un punto cuarto á moción e recollen que instan a que se reduza. Di que non ten sentido, pero eles non teñen ningún tipo de problema, só faltaría que dende EU non se opuxeran á suba prevista do IVE.

Continúa dicindo que iso si, que están falando dos salóns de peiteado, están falando do seu tipo de IVE, que tampouco é o tipo superreducido, neste caso é o tipo medio, e o que queren solicitar ao Goberno central é que volva ao tipo reducido de IVE do 10% actual, que xa sería superior ao que parten no ano 2008. Están falando do caso concreto, como dicía o voceiro socialista, dos salóns de peiteado, pero se queren engaden un punto cuarto, sen esa apostila, sen ningún tipo de problema, se non, queda a moción evidentemente como está, defendendo ao sector dos salóns de peiteado. O resto do IVE vai dar para longo.

O Sr. alcalde manifesta que ten a palabra a voceira suplente de UxC e preguntalle se lle quedou claro.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que o seu grupo vai votar a prol e pensa que xa que todos parece que están de acordo, podían facer unha moción conxunta falando única e exclusivamente da redución do IVE.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

O Sr. alcalde pregunta entón como quedan os puntos da moción, vaise engadir un punto cuarto, terceiro...

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que esa era a puntualización que quería facer, que é contraditorio solicitar ao Goberno central que volva ao tipo reducido do IVE do 10% actual, cando eles o que están pedindo é que o tipo reducido tamén baixe do 10% actual ao inferior que había antes, que era dun 8%, por iso o seu grupo o que propoñía era a substitución, non engadir un punto máis.

Se o deixan no 10% entón atoparanse con que están pedindo que se reduza o IVE a todos os sectores de actividade, porque o que están propoñendo é que se volva aos mesmos tipos que había antes de que comezara a crise, é dicir, que para todos os sectores de actividade se lles aplique o IVE reducido do 8%, menos para os salóns de peitado que sería un 10%, porque iso é o que pon na moción. Por iso eles pedían substituír a redacción do texto por outro, para que non fora contraditorio.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que a ela ás veces dálle a sensación, e asegúralle que llo di con todo o respecto do mundo, de que se está rindo deles, moitísimas veces, porque está sempre neste tipo de mocións intentando utilizar algún tipo de estratexia para facer como que apoian a moción, e ao final non se apoia.

Di que o que pretende o Sr. voceiro é que isto non chegue a ningún sitio. Os peiteadores teñen agora mesmo un tipo de IVE do 21% e solicitan, eles, non EU, non Olga Santos, nin Luis Taibo, nin Augusto, nin Felipe Andreu, o sector dos salóns de peiteado solicita que o seu IVE do 21% volva ao 10%, porque é o tipo vixente a día de hoxe, e iso é o que EU está pedindo, porque trasladan o que queren os peiteadores, e agora o Sr. voceiro do PP sáelles por peteneras e dilles que non, que é que queren que se reduza o IVE, e claro, ela tamén quere un coche e quere un abrigo de visión.

Di que non, que o que están pedindo é o mesmo que piden os peiteadores, que é a redución ao tipo de IVE que tiñan. Será máis xusto ou menos xusto, pero se eles recollen segundo esa estratexia torticera a proposta que o Sr. Andreu fai, perde absolutamente todo tipo de sentido a proposta, porque o que pedirían é reducir todos os tipos, iso cando o Goberno o que di é que van subir o IVE. Dille ao Sr. Andreu que por favor, que o que queren é trasladarlle ao Goberno o que piden os peiteadores, volver ao seu tipo de IVE, que é moi alto, por suposto que si, pero é o que piden eles, non é o que piden os concelleiros.

Conclúe pedíndolle que non lles faga comungar con rodas de muíño.

Toma a palabra o Sr. alcalde e indica que o que procede xa é votar a moción, porque xa houbo dúas réplicas, así que van votar a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG en defensa dos postos de traballo da empresa Arce

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2214 o día 21 de marzo de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A empresa madrileña Montajes e Ingeniería Arce, vinculada á subministración de infraestrutura e equipamento e mantemento de instalacións de subministración eléctrica ten unha sede no Concello de Cambre, concretamente no polígono industrial do Espírito Santo.

Arce dá emprego no noso polo industrial máis importante a máis de 30 traballadores de maneira directa, varios deles veciños de Cambre. Trátase de man de obra cualificada, cunha importante capacitación técnica para a realización dun traballo moi concreto no ámbito auxiliar das grandes empresas de produción e distribución de enerxía eléctrica.

A maioría da actividade económica de Arce vincúlase coa empresa Red Eléctrica, pero mantén tamén importantes contratos en vigor coa actual Gas Natural-Fenosa, Iberdrola, Begasa ou E-on. Sendo de especial importancia para a sede da empresa en Cambre a carga de traballo vinculada a Gas Natural-Fenosa.

Arce vén de presentar un expediente extintivo sobre os 31 traballadores das súas instalacións en Cambre que afectaría inmediatamente a 19 asalariados. Xustifica en parte a súa determinación na extinción dun contrato con Red Eléctrica. Se algo libra a Arce no Espírito Santo da súa total liquidación a día de hoxe, é que a empresa madrileña aínda ten vixente un contrato de prestación de servizos con Gas Natural-Fenosa; ese é un dos motivos de que o peche non sexa total e definitivo e se formule unicamente o despedimento dos 19 traballadores mencionados. Ademais doutras razóns que a empresa non fai públicas (deslocalización, desviación de actividade, simulación de perdas...).

Ao decidir a propiedade de Arce camiñar cara ao concurso de acredores de maneira deliberada, sérvese en bandexa a coartada legal aos contratistas da empresa (as grandes multinacionais do sector eléctrico) para rescindir os contratos con Arce e axudar desta maneira ao afundimento programado da empresa co consecuente despedimento do seu cadro de persoal.

Existe pois nos traballadores de Arce a certeza de que, de decidir Gas Natural-Fenosa non prorrogar ou incluso suspender no presente período de vixencia a contrata con Arce, esta decida o peche total do centro do Espírito Santo, augurando os seus traballadores que non chegarían abertos en modo ningún a fin de ano.

Cómpre subliñar que Arce non é se non a matriz dun importante conglomerado empresarial e económico que agrupa a máis de sete sociedades, radicadas varias delas en países latinoamericanos cara onde se está a desviar parte da actividade máis industrial, de maneira perfectamente discrecional e premeditada.

Ao tempo faise necesario manifestar que Arce, con base no traballo desenvolvido polos seus traballadores, atesoura un importante prestixio como marca de calidade no seu ámbito de actuación, destacando o traballo desenvolvido pola base no Espírito Santo en instalacións de alta tensión, montaxes e mantemento de subestacións e instalación, adecuación e mantemento de contadores tanto domésticos como industriais.

A maiores estamos a falar dun cadro e persoal composto maioritariamente por xente nova, cunha media de idade situada na contorna dos 35-40 anos. Xente que, en moitos casos, atópase en situacións familiares complexas; pagamentos de hipoteca para a vivenda, fillos en idade escolar e preescolar.... O peche da empresa tería pois, unhas importantes consecuencias sociais engadidas.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno municipal de Cambre a adopción da seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Expresar a nosa máis sincera e enérxica solidariedade cos traballadores de Arce e coas súas familias. Na certeza de que a súa loita é a de todos e cada un dos

veciños de Cambre por manter un tecido industrial xerador de emprego e riqueza para o noso municipio e o conxunto da comarca.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a defender activamente o mantemento da actividade de Arce, dificultando a consumación de pasos fraudulentos destinados a facilitar o desmantelamento da empresa.

Terceiro: Trasladar ao conxunto de empresas eléctricas receptoras dos servizos de Arce e que son ademais subministradoras de electricidade ao Concello de Cambre, nomeadamente Gas Natural-Fenosa, a manter os seus vínculos contractuais con Arce, non agravando a situación da empresa e facilitando argumentos para propiciar o seu peche.”

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que esta é a súa proposta de moción. Entenden e agardan sinceramente que sexa apoiada polo conxunto da Corporación, porque cren que se pode subscribir por todo o mundo.

Quere facer fincapé no que máis lles toca, sabendo incluso e dicíndoo claramente que a totalidade dos traballadores de Arce, por ser precisamente traballadores con alta cualificación, non son moitos deles veciños de Cambre, pero si é unha empresa que funciona no polígono industrial máis importante do municipio, que non está loxicamente pasando tampouco polo seu mellor momento. E máis aló dese apoio e desa solidariedade xenérica si reclaman, ou dende logo os traballadores cos que eles falan si o fan, que haxa ese xesto por parte do concello, de poñer a luz, de poñer o foco, onde realmente está.

Esta empresa traballa, e traballa ben, moi especialmente para Gas Natural-Fenosa, e está metidos nunha trampa de concursos de acredores, de procedementos concursais destinados a descapitalizar e desfacer a súa empresa, para que os mesmos empresarios, con outras sociedades, sigan traballando para Gas Natural-Fenosa, e aí, onde poida intervir o Concello de Cambre poñendo polo menos un punto de atención mediática, el cre que sería cando menos preceptivo neste caso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que eles van apoiar a moción, se ben queren tamén deixar constancia que pensan que ao mellor un pleno non é o lugar máis apropiado para que a Corporación que representan inste a unha empresa, neste caso fala das empresas subministradoras, non de Arce, a que sigan unha determinada política comercial. Cada empresa seguirá a súa política comercial e non pensa que as institucións deban intervir, en todo caso, eles van apoiar a moción en defensa dos traballadores de Cambre, por suposto.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo, en primeiro lugar, felicitan ao BNG por presentar esta moción que consideran bastante acertada.

Queren manifestar que esta moción pon de relevo o que está sucedendo neste país, e é un exemplo da clase empresarial que teñen neste país, que unicamente sabe axustar os seus balances a costa da redución de postos de traballo e redución de salarios. Dicar que lamentablemente o traballador hoxe en día neste país está máis

desprotexido que nunca, en parte grazas ás medidas normativas adoptadas dende os gobernos populares, e en parte tamén pola xeneralización de fraudes, actitudes fraudulentas por parte dos empresarios que non encontran por parte do Goberno ningunha medida destinada a poñerlles fin.

Por outro lado, se ben poden estar de acordo en que ao mellor o pleno non sexa o lugar máis adecuado, si que lles gustaría, dende o Partido Socialista, esixir do alcalde, como representante deste concello, unha actitude proactiva, utilizando os medios que estime convenientes na defensa dos postos de traballo da empresa Arce e do tecido empresarial deste concello.

Conclúe dicindo que, por suposto, van votar a prol.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, manifesta que dende o seu grupo danlle a en hora boa ao BNG por traer esta moción en defensa dos traballadores de Arce e, por suposto, tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción. Á marxe de que os seus traballadores sexan ou non de Cambre, para eles merecen todo o seu respecto e solidariedade na defensa lexítima dos seus postos de traballo, por conseguinte, van apoiar a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, as dúas concelleiras presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 552, do día 17 de marzo de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o proxecto técnico en que se recollen os cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación do proxecto	Rede de saneamento e Pavimentación en Peirao (Bribes). Cambre 2013
Técnico/a redactor/a	Elena Bartolomé Delanoë
Presuposto base de licitación	Oitenta e oito mil cento sesenta e seis con

oitenta e nove céntimos (88.166,89€)

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para o seu coñecemento e ratificación.

Terceiro: Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2014.”

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2226 o día 22 de marzo de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños da rúa Río Gándara nº 3 da urbanización da Barcala os problemas de humidades que veñen sufrindo dende hai anos nos garaxes e rochos. As razóns delas son as filtracións que se producen por deficiencias na impermeabilización da Praza 1º de maio.

A pesares das reclamacións realizadas polos veciños ou polos administradores da comunidade de propietarios as deficiencias seguen presentes.

Por todo iso, solicitamos se arranxen, coa máxima urxencia, as deficiencias de impermeabilización denunciadas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que el cre que todos saben que as impermeabilizacións de temas particulares como son sotos, tanto en parámetros verticais como horizontais, en calquera edificio, sempre corresponden á propiedade, non ao concello, polo tanto, ese é un tema que terán que resolver os propietarios dos garaxes, rochos ou o que teñan debaixo, pero ese tema non é nunca do concello.

Efectivamente hai unha praza enriba, pero dende o concello o único que fan é cando, por exemplo, hai unha baldosa que se move ou rompe, substitúena e punto, pero o que é ao tema da impermeabilización non lle tocan para nada. Se fora como consecuencia dunhas obras feitas polo concello, loxicamente sería responsable o concello de resolvelo, pero como se di no rogo isto é algo que hai anos que o levan reclamando, e dende aquí claro que non se fai nada porque é un tema que teñen que resolver os propietarios, talvez reclamándolle á empresa construtora por deficiencias na construción, pero eles, dende o concello non.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que as deficiencias veñen como consecuencia das obras de urbanización dunha praza que no seu momento foi feita pola promotora da urbanización da Barcala, entón é unha praza de carácter público, que se lle cedeu ao concello, que o concello a recibiu, e a quen lle corresponderá esixir á promotora a reparación desas deficiencias será ao concello,

non aos particulares, porque é un elemento público, non un elemento privativo. A praza é pública.

De feito di que ten entendido que xa se ten feito algún tipo de reparación nese sentido noutros sitios do concello, co cal o rogo ten perfecta lexitimidade. Entenden que a quen corresponde facer esa reparación é ao concello, porque as augas filtranse dende o chan, dende o solo dunha praza pública, e filtranse evidentemente a rochos e garaxes. Non entende como se pode dicir que a responsabilidade é entre o promotor e os propietarios deses rochos, cando o concello recibiu esta praza e polo tanto é pública. O concello é quen ten que asumir ese tipo de solucións, ben por si mesmo ou ben esixíndollo a Fadesa, promotora no seu momento.

Don Manuel Marante Gómez dille que pode pensar o que considere, e que a el parécelle moi ben dicir que onde chove é na praza pública, si, onde chove, pero o que ten que deixar impermeabilizados todos os sotos e parámetros verticais nos edificios é en principio o promotor. Os propietarios, se teñen algún problema, de humidades ou doutro tipo, teñen que reclamarlle á promotora, non ao concello. O concello o que ten é a baldosa de arriba, non ten outra cousa, despois o resto é da promotora ou dos propietarios neste caso, porque supón que xa prescribiría o seguro decenal.

Conclúe dicindo que iso terán que resolvelo os propietarios, non o concello. Pregunta como van pagar as deficiencias dunha construción todos os veciños de Cambre, da construción que se fixo na Barcala. Esa construción non ten problemas soamente nas prazas, ten outros moitísimos problemas porque se fixo aí o que se fixo, e todos os veciños de Cambre saben moi ben o que pasou aí, ou polo menos teñen oídas moitas cousas. Entón non se fixo nada, quedou todo como quedou, de feito o mesmo voceiro do PSdeG-PSOE o di no rogo, que levan anos pedindo.

Di que eles están aquí hai dous anos, e el reclamacións da Barcala lévaas oído dende que se fixo a urbanización. Quen permitiu o que se fixo alí tería que resolvelo cando tiña que resolvelo, coa promotora e demais. Agora son propiedades privadas e teñen que resolver os seus problemas de humidades igual que se fora o tellado do edificio, porque tamén por arriba pasan os avións e é público, pero non veñen os de Aena a arranxarlles o tellado cando lles chove. É un tema privado e teñen que resolvelo eles.

Conclúe dicindo que el non sabe se resolveron ese problema nalgún outro sitio do concello, que el saiba, non.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que segue opinando que a responsabilidade en todo caso é do concello, a recepción das obras desa praza foi feita polo concello, polos técnicos municipais, no que se refire a que esas obras se teñen executado conforme a criterios técnicos e que non producen ningún problema, polo tanto, se iso non foi así, el entende que é o concello quen ten que tomar as medidas oportunas para resolver as deficiencias, porque queiran ou non a praza non remata só na lousa que está por enriba, senón que tamén está a base da lousa. Se evidentemente a obra non está executada adecuadamente e se recibiu con informes técnicos do concello, é o concello o responsable de que iso se resolva.

Dende logo, no que a el respecta di que van seguir facendo as xestións para que isto chegue a bo porto, porque os prexudicados son neste caso os veciños, que non teñen ningunha responsabilidade en que as cousas se teñan feito mal no pasado, evidentemente.

Don Manuel Marante Gómez pregúntalle ao voceiro do PSdeG-PSOE se el mirou o documento de recepción desas obras para dicir o que está dicindo, porque el cre que non o fixo. Para poder dicir o que está dicindo ten que asegurarse que iso está recibido polo concello da forma que di, porque non todo está igual, as prazas están dunha forma, as entradas das prazas están doutra, etc.

Manifesta que cos cartos dos veciños resolveron outros problemas que tiñan os veciños alí, por como tiñan deixado concretamente as instalacións do saneamento. El cre que se lle deixan dirixir a obra a un albanel, non fai o que fixeron aí os técnicos para permitir todo iso, e outras personaxes, porque, que lles deixen o saneamento con arquetas onde teñen un arenero de 80 cm, para arriba, algunhas máis, e que nalgunhas delas por riba o tubo de saída, con respecto do da entrada dos edificios, estea máis alto, e atascándose continuamente, co lixo depositado aí, o voceiro diralle a el quen é responsable de todo iso.

Di que iso si que se arranxou, porque estaba dando moitísimos problemas de olores, de gases, de historias, e iso tamén o reclamaron moitas veces os veciños, pero el non pode poñerse a reparar agora as filtracións que poidan ter noutros temas.

Se empezan a falar desas cousas hai que falar de todo, e esas arquetas había algunhas que nin sequera estaban recibadas, estaban co ladrillo, outras estaban coas táboas do recebo aínda postas, todo podre. Estiveron a reparalas agora pero a ver quen recepcionou iso. Se eles queren tirarlle da lingua, el díllelo, porque pediu o proxecto de urbanización da Barcala, para ver onde estaban as arquetas, que medidas tiñan, como eran esas arquetas, e concretamente os dous planos que se refiren ao saneamento non estaban no proxecto, no arquivo.

Pregúntalles que pode facer el, facerlles a Barcala nova. Seguramente alguén será responsable desas cousas, do que pasou aí.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el tampouco pode pasar por enriba diso, e dicía o Sr. Marante que se falaban todos, pois entón falan. Efectivamente houbo moitas responsabilidades no que foi a urbanización da Barcala, e agora están vendo as consecuencias, pero di que o Sr. Marante estaba no Goberno naquel momento e algunha responsabilidade terá, e pídelles que non se ría, porque é a realidade. Di que o Sr. Marante formou parte daquel Goberno e que ao mellor tiña a obriga de saber como estaba a urbanización, ou pregúntalle se pechaba os ollos ante o que se facía na Barcala e dicía amén a todo, porque dicía amén a todo, aínda que agora parece ser que non é así. Dille ao Sr. Marante que tamén hai que ser consecuente.

Efectivamente hai deficiencias, o que pasa é que haberá, como dicía o compañeiro socialista, haberá que tratar de reparalas, nin máis nin menos. Cre que hai que asumir as culpas e máis as consecuencias, e sobre todo a responsabilidade.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el nunca levou Obras e Servizos cando se fixeron as obras da Barcala, nin Urbanismo. E di que o Sr. Taibo tamén estaba na Corporación, tamén estaba na oposición, e tamén estaba para mirar as cousas e coller e denunciar se vía deficiencias.

Di que el levaba Educación nese tempo, e procurou ter os colexios ben. Se hai algunha deficiencia nos colexios de cando el levaba Educación, entón o Sr. concelleiro ten dereito a dicirlle que estaba no Goberno e que é responsable, pero el non pode ser responsable das delegacións que teñan outras persoas, que igual que estaba el tamén estaba o Sr. Taibo para mirar os proxectos, que ben que pide miralos cando lle interesa.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide intervir por alusións.

O Sr. alcalde contesta que xa lles pediu o outro día por favor o mesmo. Aquí hai un rogo que presenta o Partido Socialista, e el está de acordo en que ten que haber diálogo e ten que haber contrapartida, pero duplica, réplica, tríplica, cuádruplica, non.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que son dous minutos nada máis.

O Sr. alcalde dille que sempre é así.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que non, o que pasa é que se fan afirmacións que non son así. A el estáselle a dicir que estaba na Corporación e efectivamente el estaba na Corporación, estaba na oposición, e si que denunciou as deficiencias que había na Barcala, pero o Sr. Marante estaba na Comisión de Goberno, e si que ten responsabilidade. Pídelle que non lle diga que era concelleiro de Educación e pregúntalle se un concelleiro de Educación non goberna ou non ten responsabilidades no conxunto do Goberno. Dille que si, e que ten asumila. Pídelle que non se lle cabree, que asuma as responsabilidades, ten que asumir esa e moitas máis.

2º Recentemente vense de construír un paso de formigón para dar acceso, seguro e limpo, aos rapaces do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre dende o recinto escolar ata a polideportiva.

Sendo esta unha obra que facilita o desprazamento dos nenos e nenas, bótase en falta que non se aproveitara a oportunidade para cubri-lo e evitar que se mollen os días de choiva.

Por todo iso, solicitamos se complete a obra realizada executando unha cuberta.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que, efectivamente, na época das vacacións do Nadal aproveitouse para facer esas obras. O que é o formigón no chan para o paso ao polideportivo era algo que non podía esperar un día máis porque había uns charcos tremendos. Non obstante, a outra obra é unha obra totalmente independente. Este verán vense facer unhas reformas por parte da consellería para acadar un aumento de

tres aulas e vaise aproveitar ese momento para pedirlle á consellería que tamén asuma ela o custo desa pasarela, aproveitando que van facer esas outras obras.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, agradece a resposta. Consideran que é unha obra moi necesaria, porque como dicía a Sra. concelleira os nenos cando cruzaban e chegaban ao polideportivo practicamente os pés e o calzado estaban totalmente encharcados. O resto, se é no verán, dende logo dende o seu grupo entenden que é necesario e son consecuentes polo que agardarán a que se cumpra ese compromiso.

A continuación, antes de dar lectura ao texto do terceiro rogo presentado polo seu grupo, don José Manuel Lemos Seoane advirte de antemán que saben e son conscientes de que é un tema no que cre que a principios desta semana ou finais da semana pasada se empezou a traballar, pero vanlle dar lectura ao rogo.

3º Denuncian veciños de Bribes a existencia de grandes fochas no camiño que transcorre por Bribes Pequeno. Estas deficiencias se teñen producido hai máis de tres meses e, a pesar dos traballos realizados, non se teñen eliminado.

Diante do perigo á circulación de persoas e vehículos que representan, solicitamos se adopten con urxencia as medidas oportunas para a solución definitiva do problema.

Don José Manuel Lemos Seoane engade que pensan que isto foi por unha canalización, porque se afundiou varias veces. Ultimamente había unha sinalización con valos precisamente para indicar o problema, porque consideran que era non soamente perigoso para os viandantes, senón tamén para a circulación dos propios vehículos e poñía en perigo non soamente aos peóns, senón ás persoas que circulaban por aí. Saben que se acometeu o principio desa obra, pero a verdade é que levaban moito tempo agardando o inicio.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, manifesta que si, que levaba bastante tempo e non se acabou. O problema é que debe haber unhas filtracións por algún lado que van descalzar ás canalizacións, están fartos de reencher, pero segue baixando.

Explica que se fixeron unhas catas, hai como tres meses, para ver se eran capaces de ver por onde pasaba esa escorrentía ou esa auga subterránea que estaba afundindo o terreo. Como estivo chovendo todo o tempo non podían ver o tema. Estes días que fixo bo foron e profundaron máis, porque non se vía nada, incluso foron co camiión de bombeiros e botaron auga, augas arriba, na cuneta, para ver se vían por onde podía haber o problema, e non o deron detectado, iso si, colouse a auga toda sen problema ningún, non se detectou cara onde ía, colouse rapidamente. Agora tapouse para que poidan circular os vehículos de momento, pero van facer un proxecto integral e facer unha escavación máis profunda para ver se encontran onde está o problema, porque de momento tampouco coas catas o localizaron. Unha vez que se faga iso haberá que volver a traballar alí, pero agora de momento poden pasar.

Don José Manuel Lemos Seoane sinala que á parte deste tema puntual o que si que é un problema bastante común, polo menos por parte do grupo socialista recibiron varias

veces denuncias nese sentido, e o Sr. Marante seguramente é coñecedor mellor que eles, pasa en moitas obras cando se producen canalizacións.

El insta a que se faga antes da recepción das ditas obras unha inspección o máis profunda posible, porque están vendo ao longo de todo o concello que cando se reciben ese tipo de obras nese momento todo queda perfecto, pero pasado pouco tempo en moitas desas obras de canalización e de instalación de tubaxes de distintos tipos de subministración, é moi común que ao pouco tempo haxa sempre alí unha especie de fochanca, unha baixada de terreos.

Entenden que os técnicos deben de facer un pouco de fincapé nese sentido, para tratar de, non premer, pero si estar enriba das empresas instaladoras para tratar de que iso non pase, porque falaron aquí varias veces ao longo deste pleno, todas as obras custan cartos, páganse e entón entenden que deben quedar o mellor posible.

Don Manuel Marante Gómez sinala que iso xa é o que se fai, pero que cando se fan canalizacións que levan moita profundidade, por exemplo esa canalización debe ir a uns 5 metros de profundidade, pois loxicamente iso non compacta ao 100% e leva un tempo no que vai repisando, aínda que recoñece que alí foi esaxerado, debe marchar a auga con algo máis profundo aínda, e vaise afundindo. Pero por lóxica en calquera obra que se faga dunha canalización, cando leva unha certa profundidade, sempre repisa, porque senón esmágase todo. Di que por iso hai que esperar un tempo prudencial a que repise e logo poder botarlle o pavimento como hai que botarlle.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2216 o día 22 de marzo de 2014.

1º Despois dun ano e medio da finalización do festival Brincadeira Rock in Cambre, pregamos se nos informe en que situación se atopan as débedas que as empresas que xestionaron o dito festival teñen co concello.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que unha das empresas fixo un ingreso parcial da débeda e solicitou un novo aprazamento. Agora mesmo están estudando en que condicións habería que solicitar ese aprazamento, porque está en vía executiva, ou se procede facelo. Se non procede haberá que ir á vía executiva directamente. Están estudando o tema.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, pregunta se entón xa se fixo o primeiro pago e o segundo ten aprazamento.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que fixeron un pago parcial.

2º Na parroquia de Sigrás, concretamente dende o cruzamento da Cabana ata a praza Manuel Descháns, o firme está cheo de fochancas. Pregamos tomen nota disto e déanlle solución canto antes, tendo en conta que no pleno do pasado novembro o concelleiro responsable manifesta que: “el agarda que entre a semana que vén e a seguinte poidan rematar de tapar as fochancas na parroquia de Sigrás”.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que el tíñase comprometido con UxC, no pleno de novembro, a resolver uns problemas que había de fochancas na zona de Sigrás, na zona de Manuel Descháns e en toda aquela zona. Di que empezaron, pero comezou a vir o mal tempo e non lles deu tempo de rematar. Estes días que fixo bo tampouco puideron empezar co tema de tapar as fochas, pero el agarda que na semana que vén volvan empezar, precisamente onde se quedara, alí en Sigrás, para seguir por todo o concello, porque hai cantidade de fochas que se produciron dende que veu o temporal.

Conclúe reiterando que agarda que na semana que vén poidan ter reparado esa zona concretamente, e así continuar coas outras, porque xa di que lles foi imposible empezar con iso, xa que dende mediados de decembro, aproximadamente, ata agora, estiveron colapsados co tema dos temporais.

3º Pregamos nos informe en que estado se atopan as xestións para arranxar a cuberta do polideportivo dos Campóns.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que están pendentes dun informe por parte do arquitecto municipal para avaliar diversos danos, algún que se puido ver acrecentado incluso cos temporais destas últimas datas. En canto teñan máis información ao respecto faránllela chegar.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, pregunta se saben xa que empresa era, porque dille ao Sr. concelleiro que cando lle fixo a pregunta a outra vez dixéralle que tiña que mirar o contrato da empresa e demais.

Don Fernando Caride Suárez contesta que non lembra agora o nome da empresa, pero que si se mirou, e no caso de que sexa responsabilidade da empresa, dirimiránselle as responsabilidades pertinentes.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez pregunta se sabe máis ou menos o tempo que tardará.

Don Fernando Caride Suárez responde que agora mesmo o que sabe é que o arquitecto municipal, que é o encargado dese tipo de procedementos, ten unha carga de traballo bastante importante por outros temas, aínda que reconece que este tamén é importante e están intentando darlle a saída oportuna.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez manifesta que agardan que non chova moito.

Rogos de EU presentados por escrito

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que do pleno pasado quedaron distintas iniciativas dos grupos enriba da mesa por problemas de tempo, rematou o pleno ás doce da noite. Eles tiñan tres rogos e tres preguntas e estiman que deberían ser tratadas primeiramente as iniciativas que quedaron pendentes do outro pleno, e non as deste pleno, non vaia ser que queden outra vez.

O Sr. alcalde manifesta que todos os grupos que interviñeron ata agora presentaron outra vez os mesmos rogos que o mes pasado, que foi no que quedaron, agás co BNG que pediu que se lles contestara por escrito, e unha delas contestárona por escrito e outra contestoulla el na Xunta de Voceiros.

Efectivamente EU ten os rogos do mes pasado que están sen contestar, e dille que son os que lles pide que trasladen agora. O que pasa é que os demais grupos presentaron exactamente os tres rogos que presentaron non pleno pasado, mentres que EU ten pendentes os tres rogos do pleno pasado e agora presentan un a maiores, por iso el lles di que adiante cos rogos do pleno pasado, a menos que lles interese que se contesten un de hoxe e eliminar un do pleno pasado.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle que ten que ver o pleno pasado con este pleno, que eles teñen o dereito a presentar tres rogos e tres preguntas a cada pleno. Eles o mes pasado presentaron tres rogos e tres preguntas e a este pleno, para facelo un pouco máis livián presentaron menos iniciativas.

O Sr. alcalde expón que foi o Sr. Taibo quen lle pediu que comezara polo principio dos rogos e preguntas do mes pasado, e el dille que foi o que estivo facendo ata agora.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que xa, pero que tiña entendido que algún grupo presentara outros rogos distintos neste pleno.

O Sr. alcalde dille que non, que presentaron os mesmos, por iso lle di que EU ten os tres rogos do mes pasado e un máis para este pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelle que non lle diga que ten que suprimir algún.

O Sr. alcalde dille que non, que non suprima nada, que el váillelos contestar igual, e coas preguntas pasa igual. Pídelle que empece polas preguntas do mes pasado e despois contestaranlle á deste pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que comezará polos rogos.

O Sr. alcalde di que agora si, que empece polos rogos, pero cando cheguen ás preguntas pasará o mesmo, polo que lle pide que non lle recrimine outra vez que comecen polos pasados.

A continuación, trátanse os tres rogos presentados por escrito polo grupo municipal de EU que foron rexistrados de entrada ao núm. 0/1438 o día 22 de febreiro de 2014, e o rogo rexistrado de entrada ao núm. 0/2200 o día 21 de marzo de 2014.

1º Tras máis de medio ano dende que o concelleiro responsable da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado adquirira co noso grupo municipal o compromiso de procurar un parque adaptado para os maiores en Cambre, aínda non temos ningunha información ao respecto das xestións, informes ou traballos realizados, no caso de que os houbera, para a consecución dun espazo adaptado ás persoas maiores que, no caso de Cambre, teñen que desprazarse a outros lugares do concello para poder facer uso dos aparellos específicos para o seu lecer e exercicio.

Pregamos se nos informe das xestións realizadas e de se vai ser acondicionado o parque para maiores en Cambre ou non.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que como ben di, o grupo de goberno adquiriu o compromiso de levar a cabo esa iniciativa. Encargouse unha memoria, un estudo, tanto da localización como do custo a unha empresa, estudo que xa teñen no seu poder e que está a disposición dos concelleiros. Agora mesmo o que están pendentes é de financiamento, tanto sexa mediante un plan que vaia sacar a Deputación, Xunta, ou incluso con fondos propios, dado que o custo non é excesivamente elevado, aínda que tampouco é barato.

Primeiro van intentar ver se o poden incluír nalgún tipo de plan subvencionable, e se non, intentarán afrontalo con fondos propios.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que entende con isto que a localización si que estaría definida.

Don Fernando Caride Suárez contesta que en principio a localización que habería que solicitar un informe preceptivo para a súa localización definitiva, porque polo de agora é un estudo do proxecto. A localización que se baralla é anexa ao parque infantil que hai agora mesmo detrás da igrexa. Esa é a localización que estudan, pero todo isto tería que levar o seu correspondente informe, como o tivo no seu momento o parque infantil.

2º O concello ten o deber de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radique no seu termo municipal.

Así, deberán realizar a tramitación administrativa que proceda para reclamar dos propietarios as accións necesarias que garantan a conservación do ben.

Unha parte do patrimonio da Igrexa en Cambre permanece sen darlle utilidade, en algún caso (como a casa reitoral de Pravio ou o mosteiro de Bribes), con especial deterioración. Estas propiedades rexistradas a nome da Igrexa Católica, foron levantadas co esforzo e contribución de moitas achegas persoais e económicas tanto públicas como privadas.

Resulta necesario evitar a súa deterioración ou desaproveitamento para que dalgún xeito revertan ao servizo do pobo que as fixo realidade. Para conseguir este obxectivo, é preciso iniciar contactos co arcebispado de Santiago e establecer fórmulas posibles de utilización e a adopción de medidas que eviten a deterioración dos mencionados inmobles.

O noso grupo ten coñecemento que en datas recentes o alcalde tiña previsto reunirse coa xerarquía eclesiástica para tratar este problema.

Polo exposto o grupo municipal de EU prega ao Sr. alcalde nos informe dos resultados das xestións e das medidas a tomar, en relación ao problema.

O Sr. alcalde contesta que o único que fixo de momento foi reunirse con don Manuel Mallo, que é o cura de Soandres e que é o que está levando todas estas cuestións. Tivo con el dúas reunións, porque aquí se falaba de que había varios convenios do Concello de Cambre co Arcebispado de Santiago. Só hai un convenio asinado, e estaba condicionado a obter un obradoiro da Xunta de Galicia para restaurar a reitoral de Pravio. Como non se obtivo ese obradoiro no seu día, ese convenio queda sen vigor. Di que esa foi a segunda reunión que tivo con don Manuel Mallo e quedaron a expensas de ter unha reunión co Arcebispado en Santiago. Cando a teñan poderán dicirlles máis, pero ata aí é o que falou con el.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, o Concello de Cambre tiña un convenio que se asinou cre que foi no ano 2010, onde estaba previsto restaurar a casa reitoral de Pravio mediante unha escola taller onde se crearían aproximadamente 70 empregos e ao mesmo tempo se formaba ás persoas. Formábase ás persoas nun oficio, restaurábase a casa e creábase emprego.

Segundo a información que constan en acta de pleno ese é o acordo ao que chegaran o Goberno anterior e o delegado provincial que era un señor que se chama Diego Calvo, que dixo que non habería ningún problema para concederlle a Cambre a escola taller. Na última reunión que tiveron responsables dese Goberno con esa persoa, díxolles que en dúas semanas habería unha resolución.

Iso foi no mes de outubro de 2010, e o Concello de Cambre non tivo máis noticias. O que quedan son as promesas do Sr. Diego Calvo, e di que para el e para o seu grupo foi unha discriminación que naquel momento se fixo co Concello de Cambre, onde se podía ter restaurado a reitoral de Pravio, crear 70 postos de traballo e formar á xente e embelecer o lugar, e os veciños poderían estar gozando diso.

Conclúe dicindo que iso é o que consta na acta do pleno do ano 2010, o compromiso dese señor, que era o delegado provincial.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que todo iso está ben, é certo, pero falta dicir unha parte, que é que cando se solicitou ese obradoiro de emprego no ano 2010, presentouse mal a documentación, o concello, o anterior Goberno, presentou mal a documentación, entón claro, os compromisos pódense ter, pero sempre que todas as partes cumpran.

Ademais, parécelle un pouco increíble, porque era un obradoiro de emprego cuxas bases cando se solicitou, e sinala que por este Goberno volveuse solicitar, eran para un concurso, como pode asegurar un político que o vai levar determinado concello, porque era un concurso, con competencia, e o que presentara un proxecto máis axeitado era o que o levaba.

Cambre non tivo a sorte de levalo e levaríao outro, pero reitera que cando se rexeitou a primeira vez non foi porque se presentara mal a documentación, foi porque realmente non se cumprían as bases do proxecto, porque aquí se pretendía subcontratar todo a unha empresa para que fixera a escola taller, non facía nada o

concello, cando as bases o que dicían é que era o concello quen tiña que contratar ao persoal.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el remítese ás actas dos plenos, onde afirmaba a concelleira que o propio delegado lles tiña dito que se tiñan presentado 50 proxectos e que o de Cambre cumpría con todos os requisitos, que non ía haber problema ningún para concederlle a Cambre a escola taller.

Reitera que se remite ao que está na acta do pleno, non se está inventando absolutamente nada, dicían que en dúas semanas estarían resoltos os proxectos, onde Cambre tiña preferencia, porque Cambre, efectivamente, tiña os informes de Patrimonio, todos os informes perfectos. Esas foron as palabras que lle dixo Diego Calvo aos responsables dese Goberno e que despois non se cumpriron.

O Sr. alcalde manifesta que el non quere entrar nunha discusión que neste momento non ten sentido, porque o Sr. concelleiro de EU faille outro rogo, non ese, pero ben, se quere entrar nesa discusión dille que el ten todo o expediente, á súa disposición ou á de calquera dos grupos que está aquí sentados, para que o vexan.

Di que el non sabe o que lle dixo Diego Calvo, se era o delegado, ou se o Sr. Taibo estivo realmente nesa reunión onde Diego Calvo se comprometeu a ter en dous meses solucionado o tema, el simplemente lle di que ten todo o expediente arriba se o Sr. concelleiro o quere ver. O voceiro de EU fixo unha pregunta e el contestouna, el tivo dúas reunións con don Manuel Mallo, cura de Soandres, que é o que leva todo nesta zona o tema de patrimonio do Arcebispado de Santiago.

Continúa dicindo que está pendente de ter outra reunión, porque cando veu don Manuel Mallo el non estaba ao corrente de como estaba o convenio, incluso pediu un informe a Secretaría para que lle dixera en que condicións estaba o convenio, e fixéronlle ese informe, e dixéronlle que o convenio xa non valía, porque non se tiña cumprido o obxectivo, así de claro. Agora está pendente de falar co Arcebispado a ver que teñen pensado facer coa reitoral de Pravio e máis coa reitoral de Bribes, co mosteiro de Bribes.

Conclúe dicindo que el contestoulle ao rogo, pero se lle mete noutro tema xa lle di que el o expediente teno na mesa, está a súa disposición para ver por que non se lle deu o obradoiro a Cambre, pero ese non é o motivo do rogo que EU fai.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que será por exceso de preocupación, aínda que cre que non, porque dende o ano 2010 ata o 2014 van catro anos e estas infraestruturas sufriron unha seria deterioración. El non quixera, e parécelle que é o sentir común desta Corporación, non quixera que quedara todo en entullos, como está pasando con parte do patrimonio deste concello, como as casas modernistas que teñen en San Pedro, que van quedar reducidas a simples entullos. A el non lle gustaría que pasara iso, de feito o mosteiro de Bribes está en decadencia, a cada paso están caendo as paredes, e non quere que á reitoral de Pravio lle ocorra o mesmo, por iso di que se iso se tivera levado a cabo puideran ter a reitoral de Pravio arranxada.

El non está inventando nada, iso díxoo o Sr. Diego Calvo, e non foron dous meses como dixo o Sr. alcalde, foron dúas semanas. Dixo que no caso de Cambre contaban con todos os permisos, tanto de patrimonio como de todo o que era necesario para poder aprobar a subvención. Iso é o que di e el remítese a un acta do pleno, a unha pregunta que fixo EU. Preocúpase por estas cousas e por iso preguntou en que situación se atopaba o tema da reitoral de Pravio.

Conclúe dicindo que agarda que o Sr. alcalde comprenda a súa inquedaanza por estes temas, e imaxina que tamén a compartirá.

O Sr. alcalde manifesta que está de acordo, pero pregunta iso quen llo contestou, Diego Calvo no pleno ou foi por boca dun terceiro.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que Diego Calvo non formaba parte da Corporación.

O Sr. alcalde sinala que precisamente por iso. El non o sabe, pero xa lle preguntará cando o vexa, púidolle ter preguntado hoxe, pero dille ao Sr. Taibo que el no 2010 non estaba nin en política.

3º Un dos problemas que ocasionaron os fortes temporais de vento e choiva nas últimas semanas foi a caída e desprazamento dos contedores de lixo, por carecer de suxeición e aparellos de ancoraxe, este feito ten ocasionado diversos accidentes no tráfico rodado e peonil. O problema ten maior incidencia nas zonas máis urbanas do concello supoñendo un perigo para a circulación.

Pregamos se adopten con urxencia as medidas correctoras necesarias para solucionar o problema, como primeira medida nas zonas urbanas e nas estradas con máis circulación.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están totalmente de acordo, de feito algúns temas xa se resolveron, outros teñen unha circular do Consorcio para facer 25 suxeicións ao longo do concello. El ten agora mesmo sobre 14 ou 15 anotadas, nalgunhas outras o que fixeron foi poñer contedores de carga lateral, que tamén teñen moitos menos problemas de desviarse co vento.

Di que están co tema e se saben dalgún punto conflictivo, no que o contedor se mova sempre co aire, rogaríalles a calquera dos concelleiros que llo dixeran, para metelo na relación que está preparando. Se pode ser na semana que vén, como moi tarde, pide que llo digan, para mandarllo ao Consorcio.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles poden dicirlle cantidade de contedores que andaron tirados pola estrada, tropezando cos coches. Eles e os veciños de Cambre llo poderían dicir, porque cre que houbo bastantes denuncias respecto deste tema.

El cre que deberían actuar os servizos, ao mellor coordinándose coa propia empresa de recollida de lixo, porque nalgúns sitios incluso tiveron que amarrar os contedores

con cordas e con arames, co problema para os que viñan recoller o lixo que tiñan que desamarralos.

Pensa que este tema xa vén de longo, porque este temporal que houbo, todos son conscientes que foi moi forte, pero xa houbo outros, e xa viron os contedores polas rúas. El lembra na Barcala, antes de Molduras, que o contedor estaba zapateado no medio e no outro extremo da estrada.

Cre que hai que ir por diante do problema, non por detrás, e neste caso van por detrás do problema. Estas cousas, na medida do posible, deberían terse atallado bastante antes, de todas maneiras, eles non teñen problema ningún en dicirlle a serie de contedores que hai tirados e que precisan ese tipo de ancoraxes.

En todo caso, di que tamén instaron ao Consorcio a que actuara. Cre que foi o día 14 cando mandaron un fax ao Consorcio dicíndolle o que estaba ocorrendo co tema dos contedores que se desprazaban porque non tiñan suxeición.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que está claro que todos os anos se fai unha campaña para poñer suxeicións, soportes, e todos os anos vaise mellorando e solucionando aqueles puntos máis conflictivos, amén de que xa os propios traballadores que van por aí ven o que pasa e tamén van pasando as súas notas. Fanse campañas e este ano están precisamente agora coa campaña para facer esas 25 suxeicións que lles propoñen.

El ten varias reclamacións de veciños recollidas nesa relación, unhas cinco ou seis, outras achegáronas xente da brigada e ten algunha que el mesmo foi vendo por aí ou algún veciño lle foi dicindo. Debe andar sobre unhas 14 e quedan 10 ou 11 por propoñer. Concretamente, e díllelo porque é algo que todos ven, xunto o estanco de Cambre van poñer un de carga lateral, para non poñer alí unha suxeición, porque pensa que alí quedaría bastante mal. Ese é un dos de carga lateral que quedaron de poñer nestes días.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que lle parece ben que haxa colaboración cidadá, que a xente participe denunciando ese tipo de deficiencias, pero tamén pensa que son os servizos do concello, os servizos de Obras, os servizos técnicos, os que deberían observar esas deficiencias, porque eles son os técnicos, e el pode dicir que hai que meter ancoraxe nuns colectores, pero logo, ao mellor non procede por motivos técnicos. Cre que estas cuestións deberían controlarse por parte do concello.

4º Tendo en conta o informe elaborado pola empresa concesionaria do servizo de augas, en relación coas avarías que se están producindo dende o ano 2011. Entende o noso grupo que é necesario e urxente coñecer a auga que por diversos motivos se está perdendo e que supón un importe económico para os veciños e veciñas de Cambre.

Polo exposto, pregamos se nos informe dos metros cúbicos de auga perdidos (e non cobrados) nos últimos dous anos, motivado a roturas e outros problemas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que estalle preparando o informe, porque ese tema dos metros cúbicos perdidos e non cobrados é bastante complexo. Cando o teña poderá facilitarlle a información.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que pode ser un tema complexo pero non deixa de ser un tema importante e é imprescindible ter eses datos, porque teñen que evitar que o concello estea pagando auga que non se consume, tanto o concello como os veciños. Pensa que é fundamental, incluso ao mellor habería que ir bastante máis lonxe e pensar en facer unha auditoría sobre o tema da auga en Cambre.

Don Manuel Marante Gómez expón que o feito de que se diga aquí metros cúbicos de auga perdidos e non cobrados non quere dicir que se perda, por iso di que é bastante máis complexo do que están a falar e por iso pediu que se lle fixera un informe o máis completo posible de todo este tema.

Explica que non é que se perda auga, hai algunhas perdas lóxicamente por algunhas roturas, pero hoxe en día quedan moi poucos tubos por repoñer dos que estaban ocasionando perdas. Despois hai unha cantidade de auga que se consume polos veciños e veciñas de Cambre, que si se consume, por exemplo en asociacións, e que ninguén paga. Non é que estea perdida, consúmese, non é que se perda nunha rotura ou tal, hai locais sociais, asociacións, concello, colexios, etc.

Reitera que pediu un informe porque hai contadores postos aí, pero é auga que se consume polos veciños en cousas públicas e el quere coñecer toda esa información. Cando a teña el non ten ningún inconveniente en facilitarllela.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que todos saben, cre que o conxunto da Corporación o sabe, que hai entidades que non pagan a auga, iso sábeno todos, pero de non pagar auga a falar de 400000 m³ que se estaban perdendo, como se ten comentado xa en moitas ocasións neste pleno, hai diferenza. Son 400000 m³ de auga, que non é pouca cousa. Pregunta quen sufraga iso, que se é o concello.

El cre que é interesante saber a auga que se perde e que non se está cobrando, é fundamental. Está a atopar o tema da auga en Cambre. É un tema delicado, xa o saben, e é un tema complexo, pero alguén terá que coller as rendas e dicir que é o que está pasando coa auga en Cambre. Xa ven os informes que hai ás veces polo tema da auga, é unha realidade, así que deben intentar que non repercuta directamente, nin no concello, nin no conxunto dos veciños.

O Sr. alcalde manifesta que naturalmente. Como dixo o Sr. Marante son os primeiros preocupados en saber canta auga se perde e onde se perde, os primeiros, pero 14 millóns de metros cúbicos é moita auga.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que son 400000 metros cúbicos, ao que o Sr. alcalde responde que segue a ser moita auga, e que el hoxe por hoxe non o cre, que antigamente puidera pasar, si, pero dille ao voceiro de EU que en canto teñan o informe que non se preocupe, que llelo farán chegar.

Rogo do BNG presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 0/2259 o día 24 de marzo de 2014, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º Rogamos informen das xestións realizadas ata o día de hoxe para efectivizar o acordo plenario do pasado mes de xaneiro en defensa do bus no rural de Cambre, así como se a maiores realizaron algún tipo de iniciativa ou negociación ao respecto.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, explica que o mércores 28 de xaneiro déuselle traslado á Dirección Xeral de Mobilidade das propostas e con posterioridade, como non podía ser doutra maneira, deuse traslado do acordo plenario, que como xa manifestaron no seu día no pleno, apoian plenamente.

Tralo envío desta documentación, as conversacións do equipo de goberno coa Dirección Xeral de Mobilidade foron case diarias, e a Dirección Xeral de Mobilidade convocounos para unha reunión o luns día 30 co fin, agardan, de que se poña punto e final a esta problemática. Di que en canto teña máis información, trasladarállela, como non podía ser doutra maneira.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo tamén se suman a esa lembranza que fai o Sr. concelleiro de que o acordo do mes de xaneiro, respecto da moción presentada polo BNG, foi por unha unanimidade. Como fixeron nese momento volven facelo agora, agradecer ao conxunto de membros da Corporación e nomeadamente aos grupos da oposición o seu apoio, sen o cal entenden que esa unanimidade non tería sido posible, e dende logo, aínda que poida parecer gratuíto, convidar ao resto de grupos a participar deste rogo, que no fondo é a forma legal que teñen de traer este debate ao pleno.

Di que eles dando por boas as súas explicacións e acreditando firmemente nelas, si se preguntan unha serie de cuestións, como é que se en todo este momento, xa non como concelleiro, senón como cidadán, cando unha empresa titular dunha concesión, dunha liña, interrompe o seu servizo, fai o que se chama comercialmente unha restructuración de horarios que non deixa de ser un recorte, ao punto de eliminar na súa totalidade unha liña como era a liña 179, pregunta se a actitude da Xunta de Galicia é falar con eles, dialogar con eles, ou se abriron nalgún momento un expediente sancionador, advertiuse dalgunha maneira á empresa, e non está falando do Concello de Cambre, senón de que se eles como Goberno municipal teñen noticias da actitude da Xunta respecto de Calpita e Asicasa.

Logo hai unha serie de cuestións das que eles como grupo político non se poden subtraer. Dinlles que o día 30 van ter unha reunión, pero con anterioridade a este pleno xa saíu determinada información en prensa referenciada tanto ao propio concello como á Dirección Xeral de Mobilidade, isto é á Xunta de Galicia, dicindo unha cousa e a contraria, dicindo que se recuperaban os servizos un día, ou dicindo outro día que se ía ampliar a liña 178 e que na 179 ía haber recortes.

Eles o que reclaman dalgunha maneira é transparencia, nomeadamente por parte da Xunta. Dilles se o Goberno municipal que ten, como acaba de manifestar o Sr. concelleiro, un contacto directo coa Xunta lle pregunta. Simplemente, e a título informativo deste Pleno, o día 17 de xaneiro o grupo parlamentario do BNG no Parlamento de Galicia presentou unha batería de preguntas, de rogos, de proposición non de lei, de proposta para debate en comisión, no rexistro do Parlamento galego, a través do seu deputado Francisco Jorquera. Dous meses e medio despois seguen sen ningún tipo de resposta por parte da Xunta. E parécelles interesante, porque consideran que é fundamental neste punto do debate, que se saiba, e que eles, como membros da Corporación, teñan tamén esa información e poida ser trasladada á luz pública, os datos sobre a totalidade de cifras que manexan Asicasa e Calpita coa administración da Xunta.

Porque di que Asicasa e Calpita preocúpase moi moito, e o fixo en parte tamén a través do Goberno municipal na reunión que tiveron a finais do mes de xaneiro coas asociacións, de dicir, por exemplo, que en todo un mes a liña de Bribes só a colleron 23 persoas, e di que eles dando eses datos por bos, porque en todo momento dixeron que esa liña 179 non é rendible dende un punto de vista económico, si o é dende un punto de vista social e con todo o que ten que ver de igualdade de oportunidades, de cohesión e de reequilibrio. Por iso si queren saber antes de que esa empresa lles diga que iso lle é deficitario, cales son os datos da liña da Barcala, cales son os datos da liña do Temple e San Pedro de Nós, cales son os datos dos diversos centros de ensino, queren saber cal é o monto total do negocio que ten Asicasa e Calpita coa administración autonómica.

Dito doutra maneira, queren que antes de que se tome unha decisión, poidan todos simplemente saber, aínda que non sexan os directamente partícipes da toma de decisión, saber e que a opinión pública saiba realmente de que é do que se está a falar e que é o que se está a negociar. Porque a maiores diso tamén paralelamente están aparecendo noticias en prensa sobre unha hipotética restruturación do bus municipal, que dende logo é total e absolutamente necesaria, tendo en conta os actuais horarios, frecuencias e servizos. Di que sirva como exemplo que para ir de Meixigo a Cambre hai que percorrer 19 quilómetros 100 metros, ou para ir de Cambre a Bribes hai que percorrer 15 quilómetros, ou chegar de San Lourenzo á Coruña pola mañá, leva 1 hora e 40 minutos.

Di que eles en todo isto reclaman, dalgunha maneira, máis participación e máis transparencia. Eles xa saben que aquí vai haber melloras, que vai haber melloras porque eles o entenden así, e en parte tamén así as defendeu a sociedade civil e así o defenderon os veciños de Cambre e con eles o conxunto de forzas políticas. E o Goberno, loxicamente, tentará colgarse as medallas.

Eles o que reclaman é que na medida do posible flúa o maior grao de información posible para todo o que poidan mellorar, e insisten neste momento en aspectos que consideran fundamentais, que é a prestación do servizo nos fins de semana, que se negocie tamén con Asicasa para que o fin de semana funcione o bus intraparroquial e que se restitúan, como paso previo a calquera negociación, os servizos que funcionaban antes do 11 de xaneiro.

E se non, se de momento non teñen nada pechado, pois que se diga claramente que non hai nada pechado, pero que se deixen de lanzar globos sondas que o único que fan é confundir á opinión pública, cando non directamente manipulala. Di que iso é o que xulgan dende o BNG, dando por bos, insiste, os seus datos e as súa disposición a, na medida do posible, tentar solucionar o problema.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que respecto da exposición que acaba de facer o Sr. Carballada quere dicirlle que a súa opinión como cidadán á restruturación, non só como cidadán, senón como concelleiro e como membro desta Corporación e membro do Goberno, xa a ten dado, tendo en conta o apoio que deu á moción presentada.

Por outra banda, o concelleiro do BNG fai referencia a unha serie de informacións que saen en prensa, que son contrarias entre si. Está de acordo coa exposición, pero tamén dicirlle que esa información non saíu deste concello. Esa información, como poden ver nesa nota de prensa saíu da Dirección Xeral de Mobilidade á cal lle pedirán as explicacións oportunas sobre a información que alí se verte.

Con respecto á batería de preguntas que o seu grupo parlamentario na Xunta de Galicia efectuou o 17 de xaneiro, o Sr. Carballada coñece perfectamente cal é o procedemento dese tipo de cuestións, nas cales se efectúa unha proposta, esa proposta lévase a cabo e hai un período de alegacións, período que por outra banda terminou o luns pasado, coa alegación por parte de varias empresas.

Por outro lado, o Sr. concelleiro tamén facía referencia aos datos que manexaba o concello, que efectivamente foron facilitados pola empresa concesionaria das liñas, pero que tamén é certo que son datos que se obteñen mediante un sistema telemático independente, porque é co cal esa empresa fai a súa facturación ou o seu check-list coa Xunta, polo tanto, tendo en conta que a priori non cabe desconfiar dos datos que se lles facilitaron sobre as liñas.

Despois, o Sr. Carballada fai referencia ao monto de diñeiro total que poidan percibir esas dúas empresas por parte da Xunta de Galicia. Pois ben, para iso, como o concelleiro do BNG comentou anteriormente, ten un grupo parlamentario na Xunta de Galicia que el cre que sería o máis apropiado para facer ese tipo de preguntas, xa que esta compañía non opera única e exclusivamente en Cambre.

Despois continúa a súa exposición falando de se a intervención do Goberno municipal é colgarse medallas. Dille que moi claramente a intención do Goberno é que as liñas volvan ao seu estado orixinal, sen medallas, sen manifestacións e sen ningún tipo de espectáculo público, simplemente entenden que as liñas deben volver ao punto no que estaban, e para iso é para o que están traballando e para iso é para o que levan tres meses negociando, tanto coa empresa como coa Dirección Xeral de Mobilidade.

En canto á última parte da exposición, sobre que deberían volver ao punto anterior ao 11 de xaneiro, tendo en conta as manifestacións tanto de toda a Corporación como as do propio Goberno, están de acordo, como non pode ser doutra maneira.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que quere puntualizar unha serie de cuestións. Di que el non pon en dúbida o exame que fai a empresa Asicasa, parécelle peculiar, tamén o di, porque dese exame, desa contabilidade que leva Asicasa, derívase despois a subvención que recibe a través da tarxeta por parte da Xunta, pero iso, como moi ben di o Sr. concelleiro é unha cuestión entre a Xunta e a empresa, aí están de acordo.

El o que di é que se Asicasa pretende darlles nos fociños cos índices de baixa ocupación que ten a liña 179, a liña suprimida, e entón chegan aquí e eles, Concello de Cambre, lle din ás asociacións cando as reúnen que en Bribes en todo o mes só houbo 23 pasaxeiros, a el iso parécelle moi ben, ve que aí funciona moi ben a comunicación entre Asicasa e o Concello de Cambre, pero gustaríalle que funcionara así de ben esa comunicación para que Asicasa lles dixera tamén cantos viaxeiros fan uso e servizo da liña A Coruña-A Barcala-Cambre, ou cantos viaxeiros fan uso da liña A Coruña-O Temple-San Pedro de Nós, que tamén pasa por Cambre, ou cantos viaxeiros fan uso dos diversos servizos que en ensino primario e ensino secundario presta Asicasa.

Di que el non está dubidando dos datos de Asicasa, el non está dubidando da carta que lles asinou Asicasa, el o que pasa é que quere xogar sabendo cantas cartas ten a baralla, e parécelle que como representante público, neste caso quizais dunha parte pequena e minoritaria dos veciños de Cambre, o único que fai é cumprir co seu traballo e cumprir co seu labor.

Continúa dicindo que fala o Sr. concelleiro do equipo de goberno de que as declaracións en prensa non foron realizadas dende o concello, e dille que falará da prensa escrita, pero tamén hai medios radiofónicos, medios televisivos e outra serie de cuestións, e el hoxe escoitou en Radio Coruña – Cadena SER ao alcalde de Cambre, Manuel Rivas, que cre que algo ten que ver co Concello de Cambre, e o Sr. Rivas, en Radio Coruña, manifestou que a liña 178 se ía prolongar e previsiblemente habería recortes na 179, foi ás 14:15 horas do mediodía, el ía conducindo, e máis ou menos quedouse con iso.

Quere dicir que o Goberno municipal ten uns datos que non están facendo públicos, porque non foi unha nota de prensa perdida nun xornal, foi a voz, vaille traer o corte, do Sr. alcalde de Cambre, Manuel Rivas, aquí presente. Polo tanto, dilles que de verdade non intenten buscarlle tres pés ao gato, el insiste en que dá por boas as súas xestións, e dille máis, oxalá tiveran sido tan dilixentes á hora de defender o tren en Cambre.

Manifesta que non é por el, porque a el lle esvara, pero pola xente que o día 14 de xaneiro quedou tirada nas paradas de bus, pola xente que liberrimamente decide poñer a súa sinatura nun papel para reclamar que lles repoñan o que entenden que é seu, que participa dun acto informativo do BNG, que reparte material, ou que acoden a cunha concentración silenciosa, pacífica, amable e incluso breve diante do concello, que é a casa de todos, di que cre firmemente que eses epítetos que lanza o Sr. concelleiro están realmente de máis. Dille que teñen todo o dereito do mundo a manifestarse, por suposto que si, e máis por algo que consideran que é xusto, polo

tanto, con total cordialidade, pero con total firmeza dille que cre que esas palabras están de máis.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que respecto da solicitude dos datos das liñas que o Sr. Carballada acaba de mencionar, daranlle traslado á empresa para ver se ten a ben facilitárllelo. Pola súa parte, dende logo, non vai haber ningún problema.

Respecto da información que poida manexar o Goberno, obviamente están nun procedemento no cal teñen estado negociando coa Dirección Xeral de Mobilidade, por ese motivo teñen un pouco máis de información, pero dille que tamén hai que ser consecuentes en que mentres non teña lugar esa reunión do día 30 na cal se confirmen ou desmintan certas informacións, non poderán garantir nada. Si poden ter información de por onde poidan ir os tiros ou cal poida ser a intención e cal pode ser a posición que pode adoptar o Goberno, que non ten por que ser favorable, porque ao mellor convirá con el en que poderán non estar de acordo todos nas propostas que se fagan, pero vanlle dar tempo, teñen unha reunión este luns, e con posterioridade xa tomarán as decisións que estimen oportunas.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que agradece que o Sr. concelleiro non retire as súas palabras, porque o catalogan realmente como un antidemócrata, tivo a oportunidade e non sabe se non o quere facer, pero realmente cre que as manifestacións e demais son perfectamente pausibles, perfectamente legais e ademais foron total e absolutamente respectuosas en todo momento co conxunto de membros desta Corporación, que son veciños de Cambre tanto como os que acoden a unha concentración ou a un acto público.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que as súas palabras non eran nese sentido, pídelle que non intente darlle a volta a tortilla, o único que quería dicirlle é que as manifestacións deste Goberno as farán cando teñan toda a información, nada máis, pídelle que non lle busque tres pés ao gato, porque non ían por aí os tiros.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen lle pregunta ao Sr. Carballada se ten algo máis que engadir, porque dille que el non vai entrar en polémica neste caso, porque é o alcalde de Cambre e non vai entrar en polémica, pero as manifestacións de vez en cando tamén se poden facer doutra forma. O concelleiro acusa a parte do Goberno, e naturalmente que os veciños teñen que poder manifestarse sen problema de ningún tipo, dille que el pode manifestarse de calquera maneira, naturalmente, pero sen atentarse contra os bens privados. Pregúntalle se aí están de acordo.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que totalmente.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2226 o día 22 de marzo de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O día 14 de febreiro como consecuencia do temporal “Ulla” un autobús escolar permaneceu parado en Mercurín con 23 nenos de 3 a 11 anos dentro pola caída dunha árbore e varios postes da luz. Malia presenza da brigada de obras do concello, protección civil e policía local os nenos permaneceron durante dúas horas (dende as 09:45 ata as 11:45) encerrados no autobús en medio da estrada durante un temporal que chegou a acadar os 161 km/h.

Por iso este grupo pregunta:

Que medidas se adoptaron dende o concello para atender este incidente e protexer a seguridade dos nenos?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o problema foi que caeron varias árbores, foron para alí de inmediato, tan pronto como entrou a xente a traballar pola mañá, que foi cando tiveron coñecemento das incidencias, cando chamou un veciño foron automaticamente para alí, tanto Protección Civil, como Obras e Servizos, como a Policía, e estaban xa alí traballando a partir das 08:30, tratando de quitar as árbores que caeran.

Di que estando alí o autobús parou un pouco antes de chegar a esa zona das árbores, e a condutora non vía seguridade para poder darlle marcha atrás ao autobús, porque estaba nunha estrada moi estreita. Eles estaban tratando de quitar o máis axiña posible as árbores que caeran ao principio, de feito había un vehículo cunha persoa, diante do autobús, tamén esperando para poder pasar, e foi cando caeu a árbore que tirou cos postes da luz, incluso un poste da luz caeu enriba ao coche desa persoa, non pasou nada persoal porque caeu enriba do capó e á condutor non lle afectou, pero caeu estando alí traballando eles, co cal volveu outra vez a atrasarlles todo o tema, senón o autobús tería saído máis rápido. Actuaron con todos os medios que tiñan dispoñibles, e chovendo como estaba chovendo o autobús tivo que agardar esas dúas horas.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se lle quere dicir que non acoutaron a zona. Estaban alí traballando e tiñase producido a caída de postes antes da chegada do autobús, pregunta se non se acoutou a zona para que non puidera chegar ningún vehículo máis, se estaba libre e a xente podía acceder e o tráfico exactamente igual.

E unha segunda cuestión, di que o que preocupa aos pais non é tanto as medidas que se adoptaron, que está segura de que coas baixas que hai en Protección Civil fixeron o que puideron. Non van tanto por aí como polo feito de que os nenos, como o Sr. concelleiro acaba de sinalar, estiveran no medio dun temporal, nunha estrada con perigo. O propio Sr. Marante acaba de relatar que estando alí produciuse a caída dun poste sobre un coche. A pregunta vai nese sentido, no de preguntar que medidas se adoptaron. Pregunta se non se lles ocorreu ningunha outra medida para desaloxar aos nenos do autobús e achegalos por outros medios ao colexio, que é onde debían estar, e non dúas horas encerrados nun autobús. Di que esa era a pregunta.

Don Manuel Marante Gómez explica que eles cando chegaron alí, chegaron xa con todos os medios para poder poñerse a traballar, e valaron todo para que non pasara

máis xente, pero o autobús xa estaba metido alí, están falando das 08:30 da mañá e o autobús igual chegou ás 08:40 ou 08:45. É dicir, si que se acoutou despois para que non viñeran coches máis coches e poder resolver o tema, pero os que estaban metidos alí, xa estaban metidos, e ese vehículo concretamente xa estaba diante do autobús, e se o autobús non ía para atrás, o coche para adiante tampouco podía saír.

Di que os postes caeron onde estaba o coche, que igual estaba a 100 metros, máis ou menos, de onde estaban as árbores que estaban caídas e que estaban tratando de sacar. A ese señor xa se lle dixo que non se achegara máis, estaba a uns 100 metros, e o autobús desde ese señor aínda estaba para atrás ao mellor outros 70 ou 80 metros. Onde estaban practicamente non había ningún risco de caída de árbores. A árbore caeu máis adiante, pero tirou con dous postes da luz e un deles, caeu a ese señor enriba, o último que caeu.

Conclúe dicindo que eles tiñan valado, unha vez que se parou o autobús eles xa tiñan valado atrás, para que non puideran pasar máis coches ou poñerse á cola. Os coches tipo turismo podían xirar antes de chegar ao autobús, pero a condutora do autobús negouse a dar marcha atrás para poder xirar porque dicía que non tiña sitio suficiente para poder cambiar o sentido da marcha. Estaban alí, pero estaban separados de onde estaba o perigo, os nenos estaban separados, o señor ese en principio tamén, o que pasa, como dixo, é que caeu outra árbore e pillou os dous postes da luz, pero na zona onde estaba o autobús e o coche non había ningunha árbore que puidera caer, os que caeron para atrás foron os postes.

Dona Margarita Iglesias Pais di que lle volve preguntar, que ao mellor é que non se explicou ben. Pregunta se non contemplaron en ningún momento sacar aos nenos do autobús e achegalos ao centro escolar, en lugar de deixalos dúas horas, porque están falando de nenos de tres anos, metidos nun autobús en medio do temporal. Di que iso é o que lle preocupa aos pais, o que non comprenden os pais é iso, que habendo tanta xente alí a ninguén se lle ocorrera, incluso utilizando os propios coches da policía local, achegar aos nenos ao colexio mentres se arranxaba o problema.

Don Manuel Marante Gómez contesta que tal e como estaban, eles tamén pensaban que sacarían antes o tema para adiante. Segundo estaban pasando as cousas estaban todos alí e non pensaron, el polo menos non pensou, en que a policía puidera trasladar aos nenos nos coches policiais ao colexio, porque ademais é que lles estaban chamando con problemas e urxencias en todos lados. Están falando dun temporal fortísimo e que estaban con problemas en moitos máis sitios. Aí tiveron a mala sorte de que tivo que parar o autobús do colexio, pero houbo moitísimas máis caídas e moitos máis problemas co temporal que ese, máis árbores caídas noutras estradas, e a policía tiña que ir ver a quen había que mandar. Tiveron moitos problemas, estaban colapsados de problemas para poñerse a levar aos nenos. El entende que os nenos estaban no autobús e era unha preocupación para os pais, pero non había ningún problema de accidente, estaba a condutora e estaba a monitora que vai no autobús con eles, non tiñan por que ter ningún problema.

Dona Margarita Iglesias Pais di que, en definitiva, que non se lles ocorreu.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non entende este debate, pregunta se é un rogo ou unha pregunta. A Sra. concelleira céntrase en que non se lles ocorreu, e ao mellor co temporal non se lles ocorreu, é certo.

Dona Margarita Iglesias Pais sinala que está buscando unha aclaración sobre unha resposta, supón que iso poderán facelo.

O Sr. alcalde dille que xa llo permitiu dúas veces e ela insiste na terceira.

Dona Margarita Iglesias Pais explica que é porque non lle quedou claro.

O Sr. alcalde responde que se non lle queda clara a pregunta a primeira vez, el déixalle a segunda, e ela insiste na terceira, e se lle volve responder o Sr. Marante, insistirá na cuarta. Dille que unha pregunta é unha pregunta e que el non se inventa o Regulamento orgánico municipal.

2ª A vía situada en San Xoán de Pravio, no tramo que vai dende o cruceiro ata a ponte da autoestrada, foi neste ano obxecto de obras do concello relativas á rede de sumidoiros. As obras precisaron da apertura de gabias ao longo de todo o tramo e ao rematar estas o concello limitouse a cubrilas sen renovar o firme de toda a calzada polo que esta quedou moi irregular e con aspecto de parcheado.

Por iso este grupo pregunta

Ten prevista o equipo de goberno algunha actuación dirixida á renovación do firme deste tramo?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que xa antes lle contestou máis ou menos ao Sr. Lemos algo parecido, é dicir, cando se fai unha canalización, que esta non é de saneamento que é de abastecemento, pero é igual, cando se fai unha canalización parchéase a zona, porque sempre repisa. Se fan un aglomerado de toda a calzada está claro que despois vai aparecer a fochanca igual, e despois si que van ter que tapala, porque non van asfaltar todo dúas veces. Sempre pasa o mesmo, sempre repisa un pouco e logo xa se bota a capa completa, á volta dun ano, máis ou menos, para que quede tempo de repisar ben, e despois queda todo correcto. Ese é o tema de que, efectivamente, repisa, pero en todos lados é así.

3ª O cambio de nome da rúa Freande, pola nova denominación de avenida da Castellana, ten producido unha serie de prexuízos ás empresas alí instaladas. Todas elas víronse na obriga de cambiar a súa papelería: albarás, facturas, tarxetas, etc., co conseguinte desembolso económico. Tendo en conta que as citadas empresas son alleas á decisión municipal adoptada, este grupo pregunta:

Que medidas indemnizatorias se teñen previsto adoptar para resarcir os danos ocasionados ás empresas afectadas?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que ningunha.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, agradécelle a súa resposta e di que, entón, o seu grupo resérvase a iniciativa de presentar a este pleno, no mes seguinte unha moción ou algo neste sentido.

Don Felipe Andreu Barallobre acláralle que o procedemento non funciona así. O Sr. concelleiro sabe que hai un procedemento de responsabilidade patrimonial onde o cidadán, a empresa, ou o interesado que sexa, o que ten que facer é a solicitude se considera que a actuación da administración lle prexudica. Eles, que teña coñecemento, non recibiron ningunha solicitude nin ningunha petición de ningún cidadán e, polo tanto, é un procedemento en que ningunha administración pode actuar de oficio, ten que ser sempre a solicitude de parte. Se alguén o solicita, estudárase, elaboráranse os informes que se teñan que elaborar e, se procede, indemnízase, e sen non procede non se indemnizará. Por iso lle dixo que eles, de oficio, a iniciativa propia, non van facer nada, porque é que nin sequera o poden facer.

A continuación, don José Manuel Lemos Seoane diríxese ao Sr. alcalde para dicirlle que o seu grupo ten pendente unha pregunta dende o mes de decembro, precisamente pola ausencia do concelleiro don Felipe Andreu, e quere saber se a poden facer.

O Sr. alcalde dille que por suposto.

Don José Manuel Lemos Seoane explica que a pregunta é do pleno de decembro e nela dicían que ten pasado xa case un ano dende que a empresa contratada para o efecto presentara o traballo do Inventario municipal de bens e dereitos. A pesar do tempo transcorrido e das promesas do goberno municipal, aínda non se ten entregado aos diferentes grupos para a súa análise e estudo, previo á aprobación en pleno. Neste punto aclara que isto non é certo, que xa teñen copia deste documento, pero que aínda non se levou a pleno. Por todo iso, o seu grupo pregunta que razóns motivan o atraso na presentación do sinalado documento.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que porque aínda non está rematado o informe de Secretaría, ese é o único motivo, e saben que é preceptivo. Mentres non estea feito non pode vir ao pleno, ese é o único motivo.

Don José Manuel Lemos Seoane pregunta se saben o prazo para rematar ese informe, porque lle lembra que esa resposta do remate do informe déronlla a el mesmo no mes de agosto, dicíndolle que estaba próximo a rematarse.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o sabe, e que o informe de Secretaría para este asunto é preceptivo, porque necesita unha maioría cualificada. Teno que facer a secretaria municipal, non o pode facer outra persoa que non sexa a secretaria municipal. Mentres non estea feito ese informe, non poden traer o tema a pleno, e como saben a secretaria municipal está de baixa, e se non o saben el coméntallo, que xa leva unha tempada de baixa e supón que se prolongará un pouco.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2217 o día 22 de marzo de 2014.

1ª No pleno de decembro o noso grupo puxo en coñecemento do Goberno a problemática existente nun garaxe da rúa Constitución no Graxal.

Fixeron algún tipo de xestión respecto deste tema?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que veu unha reclamación da comunidade de propietarios e contestóuselle que a única opción que dende o concello vían axeitada era poñer un espello na beirarrúa de en fronte para poder ter visibilidade suficiente como para saír do garaxe. Ese espello ten que poñelo a comunidade de propietarios, co permiso do concello, e iso é o que se lles contestou.

2ª Por mor do temporal de vento sufrido o pasado 23 de decembro, na praza Eduardo Blanco Amor caeu o cerrado dunha parcela privada baleira.

Fixeron algunha xestión para arranxar este problema para os veciños?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que en canto o inspector de urbanismo detectou este problema púxose en contacto cos propietarios para que retiraran o valo, porque estaba ocupando un espazo público. Eles limitáronse a botalo enriba da súa parcela.

Á vista de que non facían nada máis, ela persoalmente púxose en contacto con eles estes días, indicándolles que polo artigo 9 da Lei do solo teñen que mantelo con certo ornato público. Déronlle o seu compromiso de que nestes días ían limpar, e ela díxolles que no caso de que eles non o fixeran abrirían un expediente.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, voceira suplente de UxC, pregunta se o retiraron eles.

Dona Rocío Vila Pestonit contesta que polo que lle dixo a ela o inspector de urbanismo díxéronlle que ían ir eles, cre que si.

3ª Veciños do Rocón coméntannos que no mes de xuño do pasado ano desapareceu o contedor de orgánicos, habendo a día de hoxe soamente o de inorgánicos.

Fixeron algunha xestión co Consorcio para solicitar a reposición do contedor?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non, porque non tiñan coñecemento dese tema, el polo menos non tiña coñecemento. Mirará estes días a ver que pasa.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, pregunta se os que recollen o lixo non avisan ou non ven os defectos, porque iso hai un ano que ocorreu.

Don Manuel Marante Gómez contesta que deberían, e supón que avisarían, pero el non o sabe, e pregúntalle no Rocón onde é.

A Sra. concelleira contesta que onde está Valdés, que recolle todo o daquela zona, da zona de Amil, baixando Amil, aquelas casas e máis o Rocón.

Don Manuel Marante Gómez di que mirará a ver que é o que pasa.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Tres preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal de EU que foron rexistradas de entrada ao núm. 0/1438 o día 22 de febreiro de 2014, e a pregunta rexistrada de entrada ao núm. 0/2200 o día 21 de marzo de 2014.

1ª O 065 é un servizo de transporte público que garante a mobilidade a persoas con dependencia sen recursos. Este transporte adaptado corre o risco de ser desmantelado sen ningún tipo de consenso, deixando aos seus usuarios ante a indefensión.

Igualmente, esta medida condena ao desemprego a traballadores e traballadoras que perderán o seu posto de traballo, pola aplicación de medidas de recorte do Goberno da Xunta de Galicia, na súa aposta por precarizar o emprego en xeral e desmontar os servizos públicos en particular, afectando neste caso, ás persoas máis vulnerables.

Neste punto, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que xa non vai formular a pregunta, porque xa se tratou na moción que presentou o Partido Socialista, e sinala que esas persoas vanse ver afectadas por esa serie de recortes, van ver afectados os seus dereitos e isto vai unido a outras cousas, como o repago dos medicamentos, as próteses, as medicacións e un longo etc. que culmina coa paralización da Lei de dependencia, case a punto de desaparecer.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación manifesta que ela só quería aclarar unha cousa. O Sr. concelleiro di que están sen ningún tipo de consenso, pero ela dille que de momento é un decreto que aínda está en trámite de audiencia, é dicir, calquera partido político pode no Parlamento facer calquera proposta para o seu debate. E di que o consenso estase tendo tamén coas asociacións de discapacitados e con outro tipo de entidades.

En canto ao recorte, que están sempre co mesmo tema do recorte, di que a ela o do 065 é un tema que lle preocupa moito, e a día de hoxe a partida orzamentaria é de 13 millóns de euros, igual que estaba anteriormente. Ela non sabe como vai funcionar este servizo, ela o único que se tratou de informar é de que a proposta que teñen é para mellorar, vaise mellorar substancialmente. Pola súa parte, en Cambre, para resarcir o mal funcionamento do 065 crearon o bono-taxi, as bases deste ano xa están aprobadas, co cal vaise seguir mantendo todo este ano e vai agardar, dende logo, que coas melloras que poida ocasionar este decreto, o servizo funcione mellor que o que estaba funcionando antes, iso, polo menos, é o que ela agarda.

Conclúe dicindo que se non é así, loxicamente fará chegar a súa protesta e os seus escritos como teñen chegado a través do 065. Cando os usuarios de Cambre lle presentaron as súas queixas, con toda a razón, ela persoalmente escribiu á Xunta de Galicia para darlle as queixas, e así vai seguir facendo con este servizo que din que vai ser mellor, porque van a optimizalo. Ela, dende logo, se non funciona ben será a primeira en protestar, como fixo co 065.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que lle parece ben que estea disposta a protestar ante a Xunta de Galicia, á parte de ser a súa obriga de facelo. El o que di é que a realidade é ben distinta, polo menos así o manifestan os usuarios con respecto ao funcionamento, queixas, queixas e atrasos. Eles cren que a calidade do servizo si que cambiou, cambiou bastante, pero cambiou para peor. Iso é o que perciben eles e o que perciben directamente os afectados, por iso o manifestan, e pensa que por desgraza van ter que seguir traendo iniciativas neste sentido a este pleno.

De todas maneiras di que lle agradece á Sra. concelleira que tome a iniciativa xa de dicir que vai protestar ante a Xunta de Galicia. Di que a ver se algún día a ve tamén manifestándose por aí publicamente nas distintas manifestacións que teñen estes colectivos en contra dos recortes.

Dona M^a Jesús González Roel expón que ela maniféstase sempre que lle parece que unha cousa é xusta e, dende logo, como este servizo non funcione ben, porque de momento non cambiaron nada, ata primeiros do mes de abril, se entón funciona mal e o Sr. concelleiro xa está a predicir que vai funcionar mal, entón ela será a primeira en protestar, que non lle caiba a menor dúbida.

2^a O Goberno ten entre as súas funcións dotar de iluminación pública aos distintos camiños públicos do concello.

Cando ten previsto o Goberno dotar de iluminación a parte da rúa Freixo que carece deste servizo?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que ten encargado un proxecto para iluminación pública que lle inclúa a rúa Freixo e a zona da Castellana a Pravio, a Fabás, esa zona da estrada xeral que tamén está a escuras. Agarda que neste ano poidan facelo, ten xa encargado o proxecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que isto vén xa de moitas veces. O Sr. concelleiro estalle a dicir que a ver se neste ano se cumpre, pero este tema xa se trouxo tres veces a pleno, con promesas súas de que se ían poñer tres puntos de luz, con promesas súas de que se ía incluír nun plan da Deputación. Tráeno outra vez e segue a dicirlles o mesmo.

Dille ao Sr. Marante que está enganando ao grupo municipal de EU e está enganando aos veciños de Cambre, porque en maio do 2012 trouxérono a pleno, en xaneiro do 2013 trouxérono a pleno, en xuño do 2013 outra vez. Di que de verdade é unha tomadura de pelo aos veciños, que unha rúa, practicamente no centro de Cambre, estea sen iluminar, que a xente non poida acceder, que os nenos non poidan ir por ela, que os nenos, os maiores e todo o mundo non poida circular, porque é un túnel e o Sr. Marante o sabe perfectamente. De verdade lle di que estalle privando á xente de circular por unha rúa, estanlles privando literalmente de circular e andar por unha rúa.

Á parte diso o Sr. Marante unha vez dixo que estaba previsto que se puxeran tres puntos de luz, dille que non os engane, que diga que non os quere poñer e punto, e

así llo transmitirán aos veciños, que o Goberno de Cambre non quere poñer tres puntos de luz, a pesar das súas promesas. Pídelle que non os engane máis.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el non se dedica a enganar a ninguén aquí, nin aos concelleiros, nin aos veciños de Cambre, nin a ninguén, porque non é o seu propósito enganar a ninguén nin facer política trapalleira. Pensa que sempre foi coherente co que di e trata de cumprir sempre con todo o mundo, cando se compromete cos concelleiros, procura cumprilo, e cos veciños igual. E se lle dixo que vai intentar meter iso nun proxecto, e está a falarlle da Castellana cara a Fabás, xunto coa rúa Freixo, entón iso é o que vai facer.

Non sabe que lle dixo anteriormente, diríalle que o intentaría facer o antes posible, pero é que non foi posible facelo antes, e estalle dicindo que no DTC deste ano, están redactando as actuacións que van facer, e unha delas é esa. E o túnel que hai alí, cre, ou que lle corrixa a concelleira de Urbanismo se minte, o túnel que hai alí co arboredo cre que ten un expediente aberto de disciplina urbanística para que se limpe, para que se saque de alí, porque con iso alí tampouco poden poñer as luces. Que tampouco o puideron facer ata agora, tamén o recoñece, pero el está intentando resolver os problemas. Ao mellor ás veces tarda máis do que pensa, pero intenta cumprir con todo o mundo co que se compromete, outra cousa é que non poida no momento e tarde, pero nese aspecto non cre que teñan moita queixa ninguén desta Corporación de que veña aquí a contar mentiras continuamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el nada máis estalle a dicir as iniciativas que trouxeron a pleno, e eles teñen que explicarlle aos veciños o que traen e a resposta que lles dá o Sr. concelleiro. Foron varias promesas, e a xente pregúntalles que pasa, se lles toman o pelo, e el dilles que non é que llo tomen a eles, é a eles e máis aos veciños. Ese é o problema, que non cumpre co que dixo.

Ademais díxolles o Sr. Marante que ía tratar de resolvelo mediante o proxecto de mellora de eficiencia enerxética da Deputación, foi o que lles explicou aquí, que o ía facer, que ía poñer tres puntos de luz, e iso é o que eles trasladaron aos veciños.

Don Manuel Marante Gómez sinala que estalle dicindo o mesmo, estalle dicindo que mandou incluír no proxecto eses tres puntos de luz, dende A Castellana ata Fabás, para incluílos no DTC da Deputación deste ano. Dille que non sabe que máis quere que lle diga.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que disto hai máis dun ano.

Don Manuel Marante Gómez contesta que estalle a dicir que o fai cando pode.

Toma a palabra o Sr. alcalde para lembrar que isto é unha pregunta e dá paso a seguinte.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que si, que ás veces son preguntas, pero el cre que non hai que ser tan estrito, eles intentan colaborar e o Sr. alcalde non debe ser tan estrito.

O Sr. alcalde pídelle que non o chame estrito, que eles saben perfectamente que aprobaron un Regulamento orgánico municipal e que unha pregunta é pregunta resposta e acabouse, non hai máis, e el xa bastante é bastante permisivo que lles deixa facer a réplica.

3ª As compañías de subministración eléctrica presentan as facturas para o seu pago que en moitos casos son difíciles de comprender. Recentemente a Deputación da Coruña por medio da Fundación Axencia Enerxética, informaba sobre a prestación dun servizo gratuíto de revisión das facturas eléctricas, co fin de interpretar os recibos e detectar posibles irregularidades. Para este fin o concello deberá asinar un acordo de colaboración coa propia Axencia.

Pode informarnos o Goberno se ten suscrito o dito acordo ou se está nas súas previsións realizalo a curto prazo?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non está suscrito, pero que teñen pensado subscribilo en breve. De todos modos di que xa tiña comentando noutros plenos tamén que dende a Concellería de Servizos hai unha persoa que está revisando todas as facturas e que de feito detecta bastantes erros, con moita frecuencia.

De todos modos, conclúe dicindo que van asinar ese convenio de colaboración.

4ª O pasado día 13 veciños do Temple denunciaron ante a nosa organización o estado das augas do regato de San Pedro, nas inmediacións do polígono do Temple. Comprobado este feito, onde se observou a deterioración das augas, que semellaban un vertido incontrolado de procedencia descoñecida, o que contribúe dun xeito importante á deterioración medioambiental do río e como consecuencia á contaminación do contorno e da propia ría do Burgo, dando unha imaxe e impacto negativo para o noso concello.

Por isto preguntamos:

Tense aberto algún expediente ou actuación para localizar aos responsables destes vertidos e que medidas se van tomar para controlar estas irregularidades?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que no Temple, alí pola zona da rúa Otero Pedraio, había unha conexión do saneamento que vai dende a Praza Miguel Angel Blanco para arriba, iso ía por un colector antigo que ía entroncar co saneamento que vén de Oleiros pola beira do río, cruzando por parcelas que son de Oleiros. Non se conectou, polo motivo que sexa, el non sabe cal foi o motivo no seu momento, co colector novo que se fixo cando se fixeron os edificios da parte de abaixo de Miguel Ángel Blanco, aínda que estaba posta a tubaxe, pero non sabe por que motivo quedou tapada. Por iso, ía polo outro lado e entraba en carga continuamente cando había temporais, saía polas tapas, metíase por terreos particulares, etc, de Oleiros, pero era o noso.

Houbo que facer obra alí, e fíxose a finais do mes pasado, principios deste, estívose facendo a obra para conectar correctamente as augas fecais de Cambre, de toda esa zona, polo saneamento novo.

Xa di que houbo bastantes vertidos nesas datas cara atrás, por motivo de tantos días de choiva. Había unha señora de Oleiros que veu xunto a el un par de veces, empezaron co tema e resolveuse.

Non sabe se eses vertidos aos que se refiren na pregunta formarían parte deste tema, porque cando tiveron esas queixas nesas datas foi a Policía a velo e xa non había nada. Ao mellor referíanse a iso, así que agarda que se resolvera ese problema, e se non se resolveu e hai outro tema, en calquera momento en que o haxa, avisarán e mirarán a ver se veñen de Oleiros ou de onde veñen, pero de momento el agarda que quedara resolto o tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta pola segunda parte onde se pregunta polas medidas se van tomar para controlar esas posibles irregularidades.

Don Manuel Marante Gómez contesta que se quedou resolto o tema, as medidas xa se tomaron a finais do mes pasado, principios deste. Se volviera ocorrer terían que ver que medidas teñen que tomar para ver de onde veñen, habería que mirar a procedencia e habería que facer o seguimento que haxa que facer, pero van esperar a ver se volven a producirse, como dixo foi mirar a Policía, non se repetiron, que saiban, e non detectaron nada.

Van agardar a ver se volve ocorrer para poder ver o que poden facer, a ver o que teñen que facer e haberá que buscalo, se hai algún vertido incontrolado por algún lado, haberá que buscalo, está claro.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que estase referindo concretamente á pregunta, porque el non a dá por contestada, non entende a contestación. Está dicindo que isto, segundo pon o encabezamento, foi o día 13, e o Sr. Marante estalle falando do mes pasado.

Don Manuel Marante Gómez sinala que a principios deste mes acabouse a obra.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que el fálalle do día 13, porque ese día había vertidos aí.

Don Manuel Marante Gómez di que lle preguntaron aos veciños se tiñan detectado algo e dixéronlles que estes días eles non detectaran nada. Ese é o informe que fixo a Policía, que foi alí e falou cos veciños. Di ese informe que a patrulla inspecciona a zona pero xa non hai nada, e que informan os veciños que onte si baixaba con papeis e mal olor, pero que hoxe xa non detectan o vertido, e iso foi cando o Sr. Taibo presentou o escrito por rexistro, que se lle avisou a Policía que fora inmediatamente alí.

O que non sabe el exactamente é se foi o día 13, o día 12 ou o día 7 cando xa se conectou a rede de sumidoiros polo outro lado, agora mesmo non sabe a data, pero

sabe que foi nesas datas. Se quedou resolto ben, se non quedou resolto mirarán a ver que é o que está pasando.

Pregunta do BNG presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 0/2259 o día 24 de marzo de 2014, xunto co rogo presentado para este pleno.

1ª Sería posible a instalación dunha marquesiña ou instalación similar na parada do bus situada a carón da administración de loterías de Cambre?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, explica que por cuestións físicas unha marquesiña tipo como as que veñen sendo habituais no resto do concello, obviamente non cabe. O que si se están estudando son distintas posibilidades, como pode ser unha cubrición, varias posibilidades que están sendo estudadas polo arquitecto municipal, que o teñen sobrecargado de traballo.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que simplemente a maior abundamento, e loxicamente dando ao seu modo de ver por boa a resposta, quere dicir que pódese comentar en calquera outro tipo de reunión se ese panel publicitario que está situado xusto a carón da administración de loterías ten permiso, se non, ver se poderían un pouco xogar e negociar con esa parcela e facer fincapé no tema da cubrición, que é o que dalgunha maneira leva sempre aparelado calquera marquesiña.

Tamén, e na medida do posible, e por rizar aínda máis o rizo, sabendo que é complicado pero que hai moita xente que utiliza esa parada, que houbera unha especie de tallo, un sitio onde poder tanto sentarse a xente como pousar cousas, é dicir, un banco ou unha cousa polo estilo, por modesto e pequeno que puidera ser, porque a xente o que fai é ou medio poñerse na ventá das loterías ou malamente por alí.

Xa di, sería tanto o tema da cubrición como o de poñer un pequeno tallo ou banco que dera servizo tanto á xente como aos obxectos da xente.

Don Fernando Caride Suárez sinala que a beirarrúa alí a coñecen todos, é extremadamente estreita, tanto un banco como unha marquesiña ou calquera tipo de mobiliario que se vaia poñer aí vai interromper gravemente a circulación de peóns.

Respecto da alternativa que propoñía, que era na proximidade, onde está o valo publicitario, aí cre que case pode contestar con máis seguridade a súa compañeira, a concelleira responsable de Urbanismo.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, manifesta que á vista da pregunta realizada polo BNG habería que estudar se é posible ou non, porque están falando dunha parcela que é de titularidade privada e non pode responder agora. Vaise estudar.

O Sr. alcalde explica que todos saben que están co tema de facer aí un aparcadoiro, entón van aproveitar para poñer todos os elementos, ou sexa, que iso está en estudo. O primeiro é acadar os acordos cos propietarios privados para poder facer o aparcadoiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López